

ÍNDICE**INTRODUCCIÓN****1. OBXECTIVOS DO CENTRO E CONCRECIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO**

- 1.1. Mantemento das instalacións
- 1.2. Reposición de equipamento informático
- 1.3. Concreción do proxecto de dirección
- 1.4. Concreción pedagóxica e organizativa
- 1.5. Medidas a desenvolver para a súa consecución
- 1.6. Recursos a empregar

2. PROPOSTAS DE MELLORA DESCRITAS NA MEMORIA FINAL

- 2.1. Educación Infantil
- 2.2. Pedagogía terapéutica
- 2.3. Actividades complementarias e extraescolares
- 2.4. Biblioteca
- 2.5. Plan Tic

3. ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS: ESTRATEXIAS**4. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA**

- 4.1. Órganos Colexiados de Goberno
- 4.2. Órganos Unipersoais de Goberno
- 4.3. Órganos de coordinación docente
 - 4.3.1. Equipos Docentes
 - 4.3.2. Comisión de Coordinación Pedagóxica
 - 4.3.3. Equipo de Dinamización da Lingua Galega
 - 4.3.4. Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares
- 4.4. Equipo da Biblioteca
- 4.5. Equipo de Novas Tecnoloxías
- 4.6. Comisión de coordinación da avaliación de 3º de primaria
- 4.7. Comisión de Convivencia Escolar
- 4.8. Avaliación do alumnado

5. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES**6. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO****7. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO****8. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E AS FAMILIAS****9. PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES****10. XORNADA ESCOLAR E HORARIOS DO CENTRO****11. HORARIO DOS CURSOS****12. DISTRIBUCIÓN DOS HORARIOS DOS MESTRES****13. DISTRIBUCIÓN DAS AULAS****14. QUENDA DE GARDAS NOS RECREOS****15. QUENDAS PARA SUBSTITUCIÓNS****16. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO****17. PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA****18. PROXECTO LÍNGÜÍSTICO****19. Libros E MATERIAIS****20. PERSOAL NON DOCENTES****21. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTA POLA ANPA****22. SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS**

- 22.1. Comedor Escolar
- 22.2. Transporte Escolar

23. PROXECTOS DE TRABALLO

- 23.1. Equipo DE Actividades Complementarias e Extraescolares
- 23.2. Equipo de Dinamización da Lingua Galega
- 23.3. Equipo das novas tecnoloxías.

24. AVALIACIÓN

ANEXO I

ANEXO II

ANEXO III

ANEXO IV

ANEXO V

ANEXO VI

INTRODUCCIÓN

Os obxectivos que nos fixamos para este curso, e as temporalizacións marcadas, deberán estar supeditadas á eficacia do traballo realizado. Trataremos, en todo momento, de reflexionar sobre a práctica educativa e consensuar obxectivos, metodoloxías a empregar, metas...

Este curso académico realizarase unha avaliación individualizada de carácter censual, ao alumnado que cursa 3º de primaria e , no caso de resultar elixidos, unha avaliación final de carácter mostral ao alumnado que finalice a etapa de Educación Primaria, tal como se establece no Capítulo III artigos 12 e 13 da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, así como no artigo 12 do Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro , polo que se establece o currículo básico de educación primaria e no Capítulo II artigo 12 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, a organización curricular desta Programación terá como marco referencial as ensinanzas reguladas no Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro (BOE do 1 de marzo) e no Decreto 105/2014 do 04 de setembro de 2014 (DOG do 9 de setembro), para Educación Primaria, e no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, para Educación Infantil.

1. OBXECTIVOS DO CENTRO E CONCRECIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO

1.1.- MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS

Comunicouse ao Concello a necesidade de arranxar todos os deperfectos ocasionados pola inundación do colexio no verán, tanto interior como exterior (cambio de válvula de presión que estaba estropeada, cambio do chan que estivese danado....). Así como o corredor dunha aula da planta de arriba e dos corredores fosen pintados.

O cambio das ventás da parte de abaixo delantearas.

O arranxo de todos os baños.

Así mesmo, solicitouse o saneamento integral dos xardíns interiores e a eliminación da vexetación dos muros e paredes exteriores do centro.

1.2.- REPOSICIÓN DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO

Houbo algunha melloría na rede coa ampliación de megas por parte da Consellería.

Este ano formamos parte da rede E-Dixgal polo que esperamos que haxa unha boa reposición de ordenadores por parte da Consellería. O cal nos vai permitir mellorar en todos os aspectos.

1.3.- CONCRECIÓN DO PROXECTO DE DIRECCIÓN

- ✓ Mantemento das instalacións.
- ✓ Renovación e mellora de material e equipamento.
- ✓ Potenciar e apoiar a organización e desenvolvemento de actividades de innovación educativa e de formación do profesorado.
- ✓ Revisión e adecuación de documentos organizativos e pedagóxicos.
- ✓ Colaboración estreita coa Asociación de Nais e Pais.

1.4.- CONCRECIÓN PEDAGÓXICA E ORGANIZATIVA

- ✓ Potenciar no alumnado o equilibrio, a autonomía persoal e o sentido da responsabilidade.
- ✓ Espertar no alumno/a valores e actitudes positivas.
- ✓ Impulsar o coñecemento do inglés en Educación Infantil e en Educación Primaria.
- ✓ Responsabilizar ao alumnado no coidado do seu centro e do contorno.
- ✓ Lograr a integración dos alumnos/as con necesidades educativas específicas.
- ✓ Dinamizar a biblioteca e ampliar a súa versatilidade funcional.
- ✓ Acercar a informática ao alumnado e aproveitar as súas vantaxes para afianzar os obxectivos e contidos nas áreas seguintes de Educación Infantil: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, Coñecemento do contorno. Linguaxes: comunicación e representación. Lingua estranxeira – inglés.
E nas seguintes áreas de Educación Primaria: Ciencias da Natureza. Ciencias Sociais. Educación Artística. Educación Física. Lingua Castelá e Literatura. Lingua Galega e Literatura. Matemáticas. Lingua estranxeira – Inglés.
- ✓ Realizar, ao longo do curso escolar, diversas actividades relacionadas coas probas de avaliación individualizada e de final de Educación Primaria que deberán realizar, por lei, os discentes de 3º e 6º de Primaria, respectivamente.
- ✓ Aplicar o Proxecto Educativo do Centro informado polo Claustro, tendo en conta as modificacións derivadas da entrada en vigor da LOMCE.
- ✓ Aplicar as Programacións Didácticas do Centro, nas que se deberán incluír os obxectivos, competencias clave, contidos, liñas metodolóxicas, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliábeis e programas e actuacións que recollen os currículos de Educación Infantil (Decreto 330/2009, do 4 de xuño DOG do 23/06/09) e Primaria (Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro BOE do 01/09/2014 e Decreto 105/2014 do 04 de setembro de 2014 DOG do 09/09/2014).
- ✓ Aplicar o Proxecto Lingüístico de Centro avaliado polo Consello Escolar , tendo en conta as renovacións especificadas no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario, así como a addenda que se inclúe no presente documento tal como se especifica no punto 4 do citado Decreto, avaliada positivamente polo Consello Escolar con data do 9 de outubro de 2018. ANEXO I.
- ✓ Aplicar o Plan Lector Anual aprobado polo Claustro de Profesores con data do 9 de outubro de 2018. ANEXO II.
- ✓ Aplicar o Plan TIC aprobado polo Claustro de Profesores con data do 9 de outubro de 2018. ANEXO III.
- ✓ Aplicar a concreción do Plan Anual de Atención á Diversidade, seguindo as directrices do artigo 11.4 do Decreto 229/2011. Dito Plan Xeral foi avaliado positivamente polo Consello Escolar na reunión do 9 de outubro de 2018. ANEXO IV.
- ✓ Aplicar o Plan de Acción Titorial aprobado polo Claustro de Profesores con data do 9 de outubro de 2018. ANEXO V.
- ✓ Este ano comenzaremos como centro Plurilingüe e Plurinfantil, coas materias de Música en Ed. Infantil e Plástica en Ed. Primaria. Contaremos cunha auxiliar de conversa no noso centro desde outubro ata maio. Tal e como figura no proxecto aprobado.

1.5. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN
--

- ✓ Contactar de xeito periódico coa Administración Local.
- ✓ Colaborar coa Asociación de Nais e Pais.
- ✓ Intentarase traballar para acadar una educación baseada na realidade.
- ✓ Procurarase a coordinación entre todo o profesorado tanto nos proxectos que aglutinan ao colexio na súa integridade (PEC, PD, NOF, PXA), como nas actividades programadas.
- ✓ Procurarase unha adaptación integral dos alumnos/as con necesidades educativas específicas.
- ✓ Garantirase o equilibrio no emprego das dúas linguas oficiais e promocionaremos a dinamización da lingua galega.
- ✓ Intentaremos potenciar todo tipo de experiencias escolares cos novos enfoques que ofrecen as novas tecnoloxías e, especialmente, aplicando os medios informáticos no desenvolvemento do currículo.
- ✓ Intentaremos elaborar un “Proxecto de Dinamización da Biblioteca Escolar”.
- ✓ Continuar e impulsar os programas de formación e innovación.
- ✓ Continuar co Plan Director enfocado ao alumnado de 5º e 6º de Primaria.
- ✓ Seguimento periódico do grao de consecución dos obxectivos marcados coa nosa conversión en centro plurilingüe.

1.6. RECURSOS A EMPREGAR

HUMANOS: Consello Escolar, Claustro de profesores, persoal non docente, mestra de audición e linguaxe compartida co CEIP Juan de Lángara (centro base) e o CEIP Pazos, orientador compartido tamén co CEIP Juan de Lángara, equipo docente de Infantil e Primaria, e comisión de coordinación pedagóxica.

MATERIAIS: Biblioteca, audiovisuais, material impreso e xogos de diferentes tipos, material confeccionado polos propios alumnos, comedor escolar, aula e material de música, aula de informática e ximnasio cun dobre emprego: deportivo e como espazo para celebracións e conmemoracións.

2.- PROPOSTAS DE MELLORA DESCRITAS NA MEMORIA FINAL

Durante o presente curso escolar intentaremos, dentro das posibilidades e recursos dispoñibles do centro, atender ás propostas de mellora indicadas na memoria do curso 2017/2018, e que foron as seguintes:

2.1. EDUCACIÓN INFANTIL

- ✓ Maior implicación por parte do Orientador.
- ✓ Continuar coa sesión de PELO
- ✓ Coordinación entre os diferentes especialistas que imparten clase nesta etapa.
- ✓ Intentar que a mestra de AL poda ter un maior horario en infantil para atender as necesidades do alumno con posible TEA.

2.2. PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

- ✓ En liñas xerais, podemos dicir que estamos satisfeitos cos traballos desenvolto desde a aula de apoio.
- ✓ Seguiremos traballando nesta liña, procurando o máximo nivel de inclusión e participación do noso alumnado.
- ✓ Intentaremos manter unha boa coordinación entre os diversos profesionais que están implicados na educación dos nosos alumnos/as, tanto a nivel interno como externo.

2.3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- ✓ Pretendemos continuar coas actividades e engadir algunha a proposta dos pais/nais.

2.4. BIBLIOTECA

- ✓ Seguir adquirindo libros e materiais propostos polas titoras.
- ✓ Seguir coa formación de usuarios para unha correcta utilización da biblioteca.
- ✓ Involucrar ao alumnado na organización da biblioteca, creando un grupo de alumnos Axudantes da Biblioteca.
- ✓ Elaborar un taboleiro de recomendacións (o alumnado recomendará libros que lle gustaran).
- ✓ Preparar unha “maleta viaxeira”, baixo o nome de “Lendo espero e non me desespero”, con textos adecuados por idades para que utilice o alumnado antes da entrada ao colexio, tanto no comedor como na ludoteca.
- ✓ Propoñer maior número de actividades de fomento da lectura.
- ✓ Realización dun Proxecto documental Integrado, titulado GALICIA.

2.5. PLAN TIC

- ✓ Intentar manter a páxina web actualizada.
- ✓ Teremos que implicarnos na involucración deste plan, xa que a nova coordinadora ten que elaborar un plan novo.
- ✓ A renovación dos equipos por parte da Consellería, xa que entramos na rede de centros E-Dixgal e a formación do profesorado será un paso importante.

3.- ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS: ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS.

A mestra de Pedagogía Terapéutica xunto coa mestra de Audición e Linguaxe serán as responsables directas de atender a este alumnado. Así mesmo, contamos cun coidador, a tempo total, que se encarga de dous alumnos de forma específica. Tamén unha orientadora que acudirá o centro dous días á semana.

I.- INTRODUCCIÓN: LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN

O presente plan de traballo está realizado seguindo as pautas sinaladas por todos os documentos oficiais vixentes no centro (PE, PD, NOF, PAT...) así como as directrices das resolucións pertinentes, circulares ao respecto...; sen descoidar as suxestións e achegas recollidas do profesorado, familias... Así mesmo, este plan está apoiado nas suxestións emanadas desde a

Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro e das conclusións obtidas nas diferentes memorias (equipos, niveis...) de finais de curso.

Durante o curso escolar 2018-2019 o Departamento de Orientación pretende afrontar as seguintes tarefas:

A. Intervención no proceso de ensinanza-aprendizaxe

- ✓ Facilitar ao profesorado pautas de observación relacionadas cos contidos, procedementos e actitudes que corresponden ás capacidades de cada etapa.
- ✓ Colaborar cos titores na recollida de información dos nenos, facilitando materiais para as entrevistas coa familias e/ou participando directamente na obtención de datos que poidan ser relevantes para facer un seguimento individualizado de cada discente.
- ✓ Transmisión de informacións sobre as características de cada alumno, xunto cos titores/as anteriores, que faciliten o coñecemento e axuste da programación do novo titor/a.
- ✓ Proporcionar materiais, criterios metodolóxicos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliáveis e rúbricas respecto aos procesos de ensinanza.
- ✓ Intervir nas reunións de coordinación.
- ✓ Elaboración, cos equipos docentes, dos criterios e probas de avaliación inicial e final de acordo co establecido no proxecto curricular.
- ✓ Participar nas probas de avaliación final tomando como referentes os obxectivos e capacidades establecidas para a etapa.
- ✓ Intervir directamente nas sesións de avaliación. Intentar que as sesións de avaliación non sexan unha mera "letanía" de calificacións, senón que sexan orientativas para futuras medidas e actuacións.
- ✓ Organizar recursos persoais que poidan axudar na prevención de problemas de aprendizaxe.
- ✓ Colaborar co profesorado no axuste metodolóxico e de contidos para os alumnos que teñan algunha dificultade na abstracción, organización de datos, elaboración de conclusións...
- ✓ Colaborar co profesorado na busca de estratexias para que os alumnos adquiran hábitos e técnicas de estudo, control do seu tempo, organización das tarefas...

B. Dificultades de aprendizaxe

- ✓ Avaliación dos alumnos con NEAE.
- ✓ Participar e coordinar cos titores correspondentes no tratamento das NEAE que xurdan e nas demandas formuladas.
- ✓ Coordinar o tratamento dos alumnos que precisen axustes curriculares ou reforzo educativo.
- ✓ Organización dos recursos persoais de axuda.
- ✓ Orientacións para o seguimento e tratamento.
- ✓ Recoller e aportar informacións que faciliten a atención dos nenos con NEAE.
- ✓ Colaborar nas medidas que favorezan a evolución satisfactoria nos procesos de ensinanza-aprendizaxe, solicitude de recursos, entrevistas coas familias, terapeutas; acis...
- ✓ Participar no seguimento, avaliación e recollida de datos que permitan ter unha información precisa da situación do alumno/a.
- ✓ Informar puntualmente aos titores e ás familias das orientacións derivadas da exploración psicopedagóxica.

- ✓ Aporte de suxestións: metodoloxía, modelos de organización, etc. para abordar as necesidades educativas dos alumnos e alumnas.

C. Desenvolvemento persoal e social:

- ✓ Facilitar actividades de titoría e materiais informativos sobre: autoestima, traballo en equipo, hábitos de autonomía, responsabilidade, valores, resolución de conflitos...
- ✓ Axudar aos alumnos e alumnas que presenten algunha dificultade no desenvolvemento persoal con intervención directa, buscando axudas externas, orientando a familias e profesores...
- ✓ Información a pais e titores sobre temas que poidan ser do seu interese.

D. Información ao finalizar o curso:

- ✓ Elaboración dun informe persoal de cada alumno cos datos relevantes que permita ter un coñecemento que facilite o seu seguimento ao longo da súa escolarización.
- ✓ Promoción do alumnado aplicando os criterios de promoción establecidos.
- ✓ Intervención, se fora precisa, no tratamento dalgún caso, tanto por demanda do titor como a instancia da familia, ante nenos que, pola súa natureza, precisen dunha orientación axustada ás súas dificultades.
- ✓ Transmisión de información aos novos titores cando esta sexa pertinente para axustar unha programación individualizada. Prever dificultades ou facilitar a súa relación co grupo.

E. Coordinación e recursos:

- ✓ Orientar, planificar e axustar os recursos necesarios, tanto persoais como materiais, para o tratamento das necesidades de alumnos, pais e familias.
- ✓ Proporcionar protocolos de observación que faciliten aos titores a análise do problema e a precisión da demanda.
- ✓ Coordinarse con outros servizos: asistentes sociais, centro de saúde..., para establecer criterios conxuntos de intervención. Coordinación co IES Canido.

II.- ANÁLISE DE NECESIDADES E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DA ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

Obxectivo 1: Colaborar co centro aportando propostas de mellora que den resposta ao desenvolvemento de estratexia de atención a diversidade.

Liñas básicas de actuación e temporalización:

- ✓ Actualización de informes, ditames... (1º trimestre).
- ✓ Novas valoracións (1º trimestre), e sempre que sexa preciso.
- ✓ Seguimento do alumnado con NEAE: coordinacións, intercambio de información, de materiais... (todo o curso).

- ✓ Colaboración e asesoramento na elaboración e posta en práctica do Plan de Atención á Diversidade. (todo o curso).
- ✓ Asesoramento aos titores, profesorado de apoio ás NEAE e, se fora o caso, ao profesorado das áreas adaptadas na elaboración de AC. (todo o curso, especialmente no 1º trimestre).
- ✓ Asesoramento ás familias de alumnado con NEAE. (todo o curso).
- ✓ Asesoramento ao profesorado sobre medidas ordinarias de atención á diversidade. (todo o curso).
- ✓ Todas aquelas que podan ir xurdindo e sexan consideradas como de necesaria atención.
- ✓ Aplicación dunha serie de probas de “diagnóstico” ao comenzo de curso. (1º trimestre).

Obxectivo 2: Dar resposta ás necesidades de orientación persoal, educativa e profesional do alumnado e familias do centro.

- ✓ Axuda na transición de ciclo, curso ou etapa. (3º trimestre).
- ✓ Asesoramento ao alumnado e ás familias. (todo o curso).
- ✓ Colaborar cos titores na orientación persoal, educativa... do alumnado. (todo o curso).

Obxectivo 3: Asesorar nos proxectos e plans que se desenvolvan no centro e entren dentro do ámbito das súas funcións.

- ✓ Participación na organización e funcionamento da CCP. (todo o curso).
- ✓ Plan de acción tutorial. (todo o curso).
- ✓ Participación e asesoramento na revisión, se procede, do PD e do PE. (todo o curso).
- ✓ Asesoramento na elaboración e posta en práctica de proxectos de mellora: conductuais, de escritura, de lectura...
- ✓ Programa de valores, solidariedade, igualdade, aceptación...(todo o curso).
- ✓ Programa de mellora da composición escrita. Colaborarase cos titores. (todo o curso).
- ✓ Colaboración e potenciación en programas que fomenten a lectura, hábito lector, interese pola lectura...
- ✓ Técnicas de estudo.

Obxectivo 4: Establecer relacións con outros servizos concorrentes:

- ✓ Establecer contactos co IES Canido, ao que estamos adscritos, para facer un seguimento dos nosos antigos alumnos, así como poder establecer liñas de actuación e coordinación para facilitar o paso do noso centro ao centro adscrito. (todo o curso).
- ✓ Servizos sociais. (todo o curso).
- ✓ Calquera outro que se considere necesario.

III.- ORGANIZACIÓN DAS INTERVENCIÓNS.

Nas horas de reunión do departamento de orientación, as intervencións serán planificadas de forma consensuada e serán priorizadas e abordadas coa suficiente antelación, tendo en conta as demandas recibidas.

IV.- CRITERIOS E ESTRATEXIAS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE TRABALLO.

O presente plan de traballo valorarase trimestralmente e os axentes implicados serán: o departamento de orientación, a CCP...

Os instrumentos a utilizar serán: actas de reunións, instrumentos elaborados a tal fin...

A finalidade desta avaliación será detectar os avances, corrixir as dificultades e elaborar propostas de mellora do plan de traballo, para o presente curso.

4.- ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.

O claustro do CEIP A LAXE está integrado polos seguintes profesores/as:

CAROLINA M^a DEL RÍO DÍAZ
LYDIA ABUÍN CARTAMIL
PATRICIA M^a CONS FORMOSO
M^a FLOR LÓPEZ SEIJAS
TATIANA PÉREZ LÓPEZ
NURIA PERMUY CASAL
M^a BEGOÑA SALIDO YAÑEZ
MARÍA PAZ LÓPEZ

A mestra SABELA CASAL SÁNCHEZ ocupa a praza de AL, completando o seu horario co CEIP Juan DE Langara sendo o seu centro base, e co CEIP Pazos.

A mestra M^a FLOR LÓPEZ SEIJAS imparte a área de Relixión e Moral Católica e itinera co CEIP A Magdalena de As Pontes.

O equipo directivo está formado por:

PATRICIA M^a CONS FORMOSO ----- DIRECTORA.

É preciso mencionar un mestre a maiores: o orientador do CEIP Juan de Lángara, centro ao que estamos adscritos, dona M^a ELISA MARTÍNEZ PALACIOS, que realizará o seu labor os mércores e xoves.

A adscrición horaria do profesorado desglósase no ANEXO VI.

4.1.- ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO

CONSELLO ESCOLAR

Presidenta:

Patricia M^a Cons Formoso.

Secretario: Lydía Abuín Cartamil

Representante do Concello:

José Tomé López

Representantes dos pais:

Berta Guadalupe Hernández

Profesores:

Lydia Abuín Cartelle

Forman parte da:

- Comisión Económica:

José Tomé López

Patricia M^a Cons Formoso

- Responsable de medidas para a igualdade:

Lydia Abuín Cartelle

José Tomé López

Patricia M^a Cons Formoso

CLAUSTRO DE PROFESORES COA ADSCRICIÓN PARA O PRESENTE CURSO

A adscrición do profesorado para este curso escolar queda establecida como segue:

MESTRE/A TITOR/A	CURSO
TATIANA PÉREZ LÓPEZ	E. INFANTIL 3, 4, 5 ANOS
CAROLINA M ^a DEL RÍO DÍAZ	1º E 2º DE E. PRIMARIA
NURIA PERMUY CASAL	3º E 4º DE E. PRIMARIA
MARÍA PAZ LÓPEZ	5º E 6º DE E. PRIMARIA
MESTRAS SEN TITORÍA	ESPECIALIDADE
LYDIA ABUÍN CARTAMIL	EDUCACIÓN FÍSICA
SABELA CASAL SÁNCHEZ	AUDICIÓN E LINGUAXE
M ^a FLOR LÓPEZ SEIJAS	RELIXIÓN
M ^a BEGOÑA SALIDO YÁÑEZ	LINGUA ESTRANXEIRA
PATRICIA M ^a CONS FORMOSO	PEDAGOXÍA TERAPEUTICA

Matrícula e agrupamento dos alumnos

Aulas e número de alumnado por nivel:

EDUCACIÓN INFANTIL

E. I. DE 3 , 4 e 5 ANOS	12
EDUCACIÓN PRIMARIA	
1º E 2º CURSO	10/8
3º E 4º CURSO	10/3
5º e 6º CURSO	7/6
TOTAL ALUMNOS/AS	56

Calendario de reunións.

Celebraranse todas as reunións estipuladas pola Consellería de acordo co Decreto 374/1996 do 17 de outubro, DOG 7/11/96 e a Orde dom 22 de xullo de 1997, DOG 02/09/1997.

As reunións do Consello e do Claustro terán lugar os martes en horario de 17:30 a 18:30 horas, podendo sufrir variacións atendendo ás necesidades específicas da maioría dos membros que así o solicitasen e, especialmente, do sector de pais/nais de cara a facilitar a súa asistencia.

Para os Claustros e Consellos Escolares Extraordinarios poderase variar o horario.

4.2.- ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO

Directora:

Patricia Mª Cons Formoso

Calendario de reunións:

Reunirase cantas veces fose preciso para dinamizar as actividades do Centro.

4.3.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

4.3.1.-EQUIPOS DOCENTES

Educación Infantil	Tatiana Pérez López Mª Flor Seijas López
1º e 2º de Primaria	Carolina Mª Del Río Díaz Lydia Abuín Cartamil
3º e 4º de Primaria	Nuria Permuy Casal Patricia Mª Cons Formoso
5º e 6º de Primaria	María Paz López Mª Begoña Salido Yáñez

Calendario de reunións

As reunións de Equipos docentes terán carácter mensual e celebraranse os terceiros martes de cada mes, trasladándose ao día seguinte de coincidir cunha data non lectiva. Nas mesmas participarán, ademais dos titores, os demais mestres que imparten docencia nos respectivos cursos.

4.3.2.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

A Comisión de Coordinación Pedagóxica estará formada por todo o Claustro de profesores.

Presidenta: PATRICIA M^a CONS FORMOSO

Secretaria: MARÍA PAZ LÓPEZ

Membros: LYDIA ABUÍN CARTAMIL
M^a FLOR LÓPEZ SEIJAS
TATIANA PÉREZ LÓPEZ
CAROLINA MARÍA DEL RÍO DÍAZ
M^a BEGOÑA SALIDO YAÑEZ
NURIA PERMUY CASAL

Calendarios de reunións.

As reunións terán carácter mensual e celebraranse os primeiros martes de cada mes. Poderán sufrir as modificacións que se consideren oportunas.

O obxectivo desta Comisión será a coordinación dos Equipos Docentes, a revisión dos criterios de avaliación para Educación Infantil e Primaria e a colaboración no estudo e desenvolvemento dos currículos e proxectos.

4.3.3.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

COORDINADORA: Patricia M^a Cons Formoso

COLABORADORES: M^a Begoña Salido Yáñez

M^a Flor López Seijas

Tatiana Pérez López

Calendario de reunións:

As reunións serán mensuais. Tamén unha extraordinaria ao comezo e ao final do curso.

4.3.4.- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

COORDINADORA: Lydia Abuín Cartamil

COLABORADORES: Todos os membros do Claustro.

Calendario de reunións:

As reunións realizaranse, como mínimo, con periodicidade trimestral. Dúas reunións extraordinarias terán lugar ao comezo e ao remate do curso escolar.

4.4.- EQUIPO DA BIBLIOTECA

COORDINADORA: Nuria Permuy Casal

COLABORADORES: M^a Begoña Salido Yáñez

Lidia Abuin Cartelle

M^a Flor Seijas López

Calendario e reunións:

As reunións terán carácter mensual e celebraranse os terceiros martes de cada mes. Poderán sufrir as modificacións que se consideren oportunas.

4.5.- EQUIPO DE NOVAS TECNOLOXÍAS

COORDINADOR: María Paz López

COLABORADORES: Carolina María Del Río López

Tatiana Pérez López

Calendario e reunións:

As reunións terán carácter mensual e celebraranse os cuartos martes de cada mes. Poderán sufrir as modificacións que se consideren oportunas.

4.6.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN DA AVALIACIÓN DE 3º DE PRIMARIA

Salvo impedimentos na regulación que teña lugar con respecto á composición da mesma, a comisión que supervisará a proba específica estará formada polos seguintes membros:

- A Directora: Patricia M^a Cons Formoso.
- A titora de 3º: Nuria Permuy Casal

4.7.-COMISIÓN DE CONVIVENCIA ESCOLAR

- DIRECTORA: Patricia M^a Cons Formoso
- PROFESORES: Lydia Abuín Cartamil
- PERSOAL NON DOCENTE: Ricardo Teijeiro Piñón
- PAIS/NAIS: Berta guadalupe Hernández

Calendario e reunións:

Reunirse cando así o requira a situación segundo establecen as normas de organización e funcionamento. As funcións principais da CC serán as de resolver e mediar nos conflitos xurdidos e canalizar as iniciativas de tódolos sectores da comunidade educativa co fin de conseguir unha boa convivencia no centro.

4.8.- AVALIACIÓN DO ALUMNADO

En tódolos niveis haberá tres avaliacións coincidindo co remate de cada trimestre. As datas sinaladas son as seguintes:

1ª avaliación: 10/12/2018 a 19/12/2018	Entrega de boletíns: 21/12/2018
2ª avaliación: 25/03/2019 a 10/04/2019	Entrega de boletíns: 09/04/2019
3ª avaliación: 03/06/2019 a 19/06/2019	Entrega de boletíns: 21/06/2019,

Nas sesións de avaliación dos diferentes niveis reuniranse tódolos mestres que impartan áreas no nivel e serán coordinados pola respectiva titora ou titor.

Os boletíns informativos seguirán realizándose co programa XADE.

Os criterios de promoción serán os aprobados no claustro para a promoción de cada curso de primaria ao seguinte e no caso do 6º de primaria para a promoción ao 1º da ESO.

5.- PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES.

Os deberes en realidade só son actividades didácticas de autoaprendizaxe que lle serven ó neno para xestionar o seu propio aprendizaxe, ser responsable del e asumir as consecuencias de non facelo correctamente. A partir de esta definición, faise obvio que os pais deben darlles liberdade ós nenos nas súas tarefas e deixar que sexan os mestres os que corrixan as actividades e os que marquen as consecuencias de non habelos feito.

Por outra banda estas actividades de auto-aprendizaxe non deben ser meramente exercicios sacados do libro, nin deben ser diarios, costosos e longos. Deben ser actividades plantexadas detenidamente e que supoñan un verdadeiro reto cognitivo para o neno. Estas actividades han de ir encamiñadas ó descubrimento de coñecementos novos, de investigación de cousas realmente interesantes para o alumno e nas que haxa cabida para a orixinalidade e a creatividade.

Tanto pais como mestres teremos que conseguir chegar a un punto no que as tarefas sexan esporádicas e debidamente planificadas e os pais lles dean ós nenos a liberdade e autonomía para realizar os seus propios deberes.

6.- PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO.

A actuación do equipo directivo e demais órganos colexiados seguirá a normativa en vigor regulada polo Decreto 374/1996 do 17 de outubro e pola Orde do 22 de xullo de 1997 que regulan a organización e o funcionamento dos colexios de Educación Primaria.

O equipo directivo e os órganos colexiados do centro, basearanse nos principios democráticos e de apreciación dos valores humanos como normas básicas de comportamento para acadar os obxectivos propostos ao longo do curso escolar. Con ese espírito, velarán polo correcto cumprimento da xornada escolar, dos horarios aprobados para o bo funcionamento do centro, da realización das actividades extraescolares e complementarias, do debido uso das instalacións escolares e da organización axeitada das mesmas, das boas relacións entre os diversos compoñentes da comunidade educativa, das actividades escolares e, en xeral, daquelas relacionadas coas mesmas que teñan unha incidencia decisiva no desenvolvemento cotián do labor educativo. Terán en conta en tódalas súas actuacións o Proxecto Educativo e as Normas de organización e Funcionamento e seguirán o cumprimento do establecido nesta PXA.

Durante o 3º Trimestre o equipo directivo levará ao claustro de profesores e o consello Escolar uns informes sobre as prácticas de evacuación realizadas seguindo o Plan de autoprotección do centro, para que se estuden e se propoñan se fose o caso puntos de mellora.

O Plan de autoprotección do centro foi aprobado dentro das “Normas de Organización e funcionamento”.

O EQUIPO DIRECTIVO:

- Velará polo cumprimento dos obxectivos xerais do centro
- Organizará e xestionará os recursos humanos e materiais
- Animará e coordinará a participación dos distintos sectores da comunidade educativa na vida do centro
- Procurará informar en todo momento dos temas de interese para a comunidade educativa a través de circulares, correo electrónico e da páxina web
- Promoverá e impulsará as relacións do centro coas entidades do contorno
- Garantirá o dereito de reunión do profesorado, dos pais e nais e do persoal de administración e servizos
- Promoverá e facilitará a asistencia do profesorado aos cursos de formación
- Proporá diante da administración educativa e diante do Concello de Ferrol aquelas obras necesarias que pola súa entidade teñan que ser acometidas polas institucións mencionadas,

ao tempo que cos recursos do centro realizará pequenas obras de mellora e de reparación que sexan necesarias sempre que se poidan incluír nos gastos de funcionamento do centro.

- En definitiva impulsará todas as accións que pretendan dar ao centro a máxima calidade e que estean amparadas pola lexislación vixente.

	E. DIRECTIVO	CLAUSTRO	C. ESCOLAR
SETEMBRO/18	Circular de principio de curso. Reunión co concelleiro de educación.	Adscrición do profesorado. Programacións de curso e de aula. Reunión de inicio de curso coas familias	
OUTUBRO/18	DOC DRD	Achegas á PXA Act. C. e Extraescol. Magosto e Samaín: deseño de actividades.	Aprobación dos días non lectivos Achegas e aprobación da PXA na reunión ordinaria do 9 de outubro.
NOVEMBRO/18	Análise do cumprimento da PXA. Reunión concelleira educación para a planificación dos orzamentos 2019.	Análise da marcha do curso.	
DECEMBRO/18	Elaboración xustificación orzamentos.	Revisión PE Seguimento PXA	Seguimento da PXA..
XANEIRO/19	Avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos da PXA.	Día da Paz. Voz natura Revisión das concrecións curriculares	Xustificación orzamento 2018.

FEBREIRO/19	Relacións coa A.VV. reunión para programar as posibles celebracións do Entroido.	Entroido. Análise evacuacións practicadas. Propostas de orzamentos 2019.	
MARZO/19	Reservas de praza e solicitudes de admisión.	Plan autoprotección Voz natura	Plan autoprotección Aprobación do Proxecto orzamento 2019..
ABRIL/19	Avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos da PXA Planificación da avaliación externa.	Seguimento P.X.A. Revista Escolar	Seguimento PXA
MAIO/19	Letras galegas. Planificación das necesidades de obras para realizalas no verán.	Revisión Plan anual lectura. Conmemoración das Letras galegas	

7.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

Está vixente xa que foi revisado e aprobado polo consello escolar na reunión do 27 de abril de 2010 xunto coas Normas de Organización e Funcionamento. Unha copia foi enviada á inspección educativa para a súa supervisión. Actualmente atópase en revisión por parte do Concello e coa colaboración dos Bombeiros de Ferrol.

8.- PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E AS FAMILIAS.

As relacións entre os distintos membros da comunidade educativa son cordiais, o mesmo pódese dicir das relacións da comunidade educativa co seu entorno.

Estas relacións plásmanse na realidade con ocasión da celebración das festas tradicionais do Magosto, Samaín, Nadal, Entroido, Maíos e Letras Galegas, e coa colaboración na planificación das mesmas.

Realizarase unha reunión entre os mestres e mestras e os pais e nais do alumnado de infantil e primaria no principio do curso, concretamente o 25 de setembro de 2018. Na reunión daránselles indicacións sobre a marcha xeral do curso e lembraráselles normas de estudo, comportamento e traballo a desenvolver polos alumnos, tamén se lles informará dos obxectivos, das competencias básicas, dos criterios de avaliación, de cualificación e de promoción de ciclo en primaria.

Tódolos martes, en Ed. Infantil e Ed. Primaria resérvase unha hora para a entrevista dos pais e nais coas mestras titoras, ou outros mestres e mestras que teña docencia directa cos seus fillos e fillas (de 17:30 h. a 18:30 h.).

Durante os días que se levan a cabo actividades extraescolares organizadas polo Concello de Ferrol o profesorado realizará gardas de tarde nun horario que cubra desde antes da chegada dos alumnos ata despois da saída do colexio para volver aos seus fogares, logo do remate da actividade.

9.- PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

O Concello de Ferrol presenta un bloque de actividades extraescolares que se realizarán polas tardes, para o que se conta coa colaboración da ANPA para a proposta das mesmas, e ademais a ANPA propón colaborar nas actividades complementarias dentro e fóra do recinto escolar (Magosto, Nadal, Entroido e Letras Galegas).

Estas actividades están enmarcadas dentro do programa “Actividades Extraescolares 2018-2019” que promove o Concello de Ferrol. Dentro das opcións propostas polo concello, a ANPA escolleu catro actividades: Patinaxe, Baile moderno, Manualidades e Kárate que se desenvolverán os luns e mércores de 16:30 a 18:00 horas. A realización das actividades extraescolares levarán consigo a contratación dun transporte escolar por parte do Concello, que cumpra a normativa vixente e leve a figura do acompañante que realizará a mesmas funcións que desenvolven os acompañantes do transporte contratado pola Consellería.

As actividades serán supervisadas polo equipo directivo para ver se cumpren coa orde do 22 de xullo de 1997 que regula a organización e funcionamento dos colexios de infantil e primaria.

10.- HORARIO XERAL DO CEIP A LAXE.

Ademais dos períodos de vacacións reflectidos na Orde do 24 de maio de 2013 (DOG 06/06/13), este centro escolle como non lectivos 2 de novembro de 2018 e 16 de maio de 2019, elixidos entre os centros públicos de Ferrol a proposta dos claustros dos centros.

Durante o curso 2018/2019 o CEIP A LAXE desenvolverá as súas angueiras escolares mediante os seguintes horarios:

HORARIO DURANTE O CURSO: EDUCACIÓN INFANTIL(*) E EDUC. PRIMARIA:

HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
*9:30 a					
9:40					
9:40 a					
10:30					
10:30a					
11:20					
11:20a					
12:10					
12:10a					
12:35	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:35a					
13:00	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
13:00a					
13:50					
13:50a					
14:40					

* Programa de Adaptación ó Centro para os alumnos de educ. infantil (3 anos):

O horario de adaptación quedou establecido da seguinte forma para este curso:

ALUMNOS DE 3 ANOS:

- mércores 12 de setembro: de 10:00 a 10:30.
- xoves 13 de setembro: de 10:00 a 11:00.
- venres 14 de setembro: de 10:00 a 11:30.
- luns 17 de setembro: de 9:40 a 11:30.
- martes 18 de setembro: de 9:40 a 12:00.
- mércores 19 de setembro: de 9:40 a 12:00

- xoves 20 de setembro : de 9:40 a 12:00
- venres 21 de setembro: de 9:40 a 13:15 (con merenda).
- luns 24 de setembro: de 9:40 a 13:00 (con merenda)
- martes 25 de setembro: de 9:40 a 13:40 (con merenda).

Cando os nenos/as permanezan no centro todo o horario, a saída do cole farase 5 minutos antes de que toque o timbre , deste xeito poderán saír tranquilamente antes de que baixen os alumnos de educación primaria.

Este ano desenvolverse a materia de Ed. Musical en inglés por formar parte na rede de centros plurilingüe.

11.- HORARIO DOS CURSOS.

Están ao final desta programación Xeral. Anexo VI

11.1.- HORARIOS DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO POR PARTE DO EQUIPO DIRECTIVO E ATENCIÓN ÓS PAIS POLOS PROFESORES.

O horario de atención ós pais e ás nais polos mestres e polas mestras será os martes de 17:30 h. ata 18:30 h. A cita, de non ser para tratar un tema urxente, terá que ser pedida polo menos o día anterior.

O horario de atención da directora será:

- De luns a venres de 9:40 a 10:30, e de 12:10 h. a 12:35 h (agás os venres).
- Os martes de 17:30 h. a 18:30 h.

12.- DISTRIBUCIÓN DO HORARIO DOS MESTRES.

Claves: Garda de clase, Coordinador de ciclo, Cargo directivo (Dirección), Ped. Terap. (Pedagogía Terapéutica), Coord. act. cpl + extr., LCL (Lingua Castelá), LGeL (Lingua Galega), Ingl (Lingua Inglesa), MAT (Matemáticas), CCSS(Ciencias Sociais), CCNN (Ciencias Naturais), EA-Plas(Artística-Plástica), EA-Mus (Artística-Música), AE(Atención Educativa), MU (Música), Glob. EI (Educación Infantil) .

O horario do profesorado completárase coas angueiras de coordinación das Actividades Complementarias e Extraescolares, coordinación do Proxecto E-Dixgal, coordinación de TICs, responsable da biblioteca, responsable do programa Voz Natura, o tempo de lectura e coordinación da sección de Plurilingüismo. Asemade coa realización de gardas (substitucións) para cubrir as faltas de asistencia que se produzan entre o profesorado durante o curso.

13.- DISTRIBUCIÓN DAS AULAS.

Planta baixa: P.T., E.I. de 3, 4 e 5 anos e usos múltiples que fai as veces de ximnasio e o comedor.

Primeiro andar:

- Aulas á fronte do colexio: (1º e 2º), (3º e 4º), (5º e 6º) e Ludoteca.
- Aulas á pista polideportiva: Música, L. Inglesa, Informática e Biblioteca.

14.- QUENDAS DE GARDA NOS RECREOS.

As gardas son realizadas por tres mestres e/ou mestras en cada recreo: dous no patio e unha coidadora e unha na biblioteca . As gardas de biblioteca serán rotatorias por todos os mestres pertencentes ó Claustro.

GARDAS RECREO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
12:10 a 12:35	CAROL LIDIA	TATI MARÍA	BEGOÑA ELISA	FLOR NURIA	PATRICIA SABELA

SUBSTITUCIÓN DE GARDAS RECREO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
12:10 a 12:35	PATRICIA SABELA	NURIA BEGOÑA	CAROL LIDIA	ELISA MARÍA	FLOR TATI

15.- QUENDAS PARA SUBSTITUCIÓN

CADRO DE GARDAS 2018/2019.

HORARIOS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
*Garda transporte	María Begoña	María Begoña	María Begoña	María Begoña	María Begoña
1ª HORA	Begoña	Flor	Begoña	Flor	Flor
2ª HORA	María	María	Nuria	Lidia	María

3ª HORA	Patricia	Nuria	Lidia	Tatiana	Lidia
RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:35 a 13:00	LECTUR	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
4ª HORA	Nuria	Tatiana	Tatiana	Flor	Carolina
5ª HORA	Patricia	Carolina	Begoña	Carolina	Patricia

***Garda/Hora libre por atención alumnado de transporte.**

16.- PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

Exponse e dáse a máxima difusión ós programas de formación do profesorado que chegan ó centro. A maior parte do Claustro participa no PFPP deseñado polo centro.

Na Memoria de fin de curso recolleranse todas as actividades formativas levadas a cabo polos mestres e mestras ao longo do curso.

17.- PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.

O centro desenvolve, no presente curso académico, os seguintes proxectos:

- ✓ TEI: Tutoría entre iguais. Continuará durante o curso escolar 2018/2019, despois da formación adquirida por parte de Claustro de profesores durante o curso pasado.
- ✓ Robótica en Ed. Primaria.
- ✓ E-Dixgal.
- ✓ Plurilingüe e Pluriinfantil.

O alumnado dos cursos de primaria ,está integrado na rede de centros plurilingües e se lle impartirá a materia de plástica en inglés. Tal como se establece no artigo 7 da Resolución do 12 de abril de 2017, os centros plurilingües establecerán na súa PXA os procesos de seguimento e avaliación dos programas plurilingües que permitan valorar os resultados obtidos e establecer, cando cumpra, propostas de mellora que deberán reflectirse na memoria anual final.

Tendo en conta dito punto, semanalmente reunirase a coordinadora de inglés, a auxiliar de conversa e a docente responsable das seccións bilingües e da materia de plástica plurilingüe que

se impartirá en primeiro de primaria, de cara a supervisar o funcionamento, propoñer liñas de actuación, diagnosticar aspectos de mellora e avaliar o proceso de aprendizaxe do alumnado.

Este curso académico estendemos o modelo de Plurilingüismo á Educación Infantil polo que as dous docentes implicadas, xunto coa auxiliar de conversa e a coordinadora de inglés, reuniranse con carácter semanal, coa mesma finalidade establecida no parágrafo anterior.

Todos eles irán enmarcados dentro de un PFPP.

- ✓ Voz Natura: Continuaremos o proxecto desenvolvida xa fai anos no centro.
- ✓ CONTRATOS-PROGRAMA en 3 liñas de actuación.
- ✓ ERASMUS +

18.- PROXECTO LINGÜÍSTICO.

A addenda ao Proxecto Lingüístico foi aprobada polo Claustro e informada polo Consello Escolar nas reunións mantidas nos días de setembro de 2018 e aprobada en Claustro o 9 de outubro, respectivamente. ANEXO I.

19.- LIBROS E MATERIAIS.

A lista de libros e materiais curriculares expónse no taboleiro de anuncios do centro antes do 15 de xuño. Alén diso, informarase ás familias sobre os novos sistemas de axudas e fondos para a adquisición de libros de texto.

20.- PERSOAL NON DOCENTE.

Está composto polo conserxe e as limpadoras. As súas funcións están reguladas polo Concello.

O conserxe permanece no centro toda a xornada de mañá (de 8:00 a 15:00 horas), e tamén os martes pola tarde (de 16:30 a 19:00 horas), cumprindo en todo momento o regulamento do servizo de conserxerías dos colexios públicos dependentes do Concello de Ferrol.

O servizo de limpeza está atendido pola empresa CLECE, con dúas persoas no centro, en xornada diaria de tarde, de 16 h a 20 h. e ás veces persoal auxiliar para realizar traballos específicos de limpeza de cristais unha vez ao mes e dos patios e xardíns todos os martes.

Durante o curso 2018-2019 seguiremos contamos cunha coidadora a xornada completa para a atención de dous nenos de NEAE.

21.- PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.

As actividades que a ANPA propón para desenvolver no Centro en colaboración co Claustro son:

- PROXECTO “FALEMOS CON RESPETO”
- MAGOSTO: A ANPA ofrece castañas e bebidas a todos os alumnos e familiares.
- VISITAAO CENTRO DE MOUGÁ.
- NADAL: Visítanos o Papa Noel.
- TEATRO PARA NENOS E PAIS.
- CHARLA NUTRICIÓN A CARGO DUNHA LICENCIADA EN FARMACIA E NUTRICIÓN.
- VENTA DE CHAPAS DECORADAS
- FESTA DE ENTROIDO
- TEATRO MUSICAL
- ANDAINA NA ZONA DE COVAS
- COLABORACIÓN NO PROXECTO VOZ NATURA
- DÍA DE XOGOS TRADICIONAIS
- FIN DE CURSO: Organiza unha comida para todos os socios e os seus familiares, incluíndo ao Claustro de profesores. En dita celebración tamén se contratan actividades para os nenos, como animación, hinchables, etc...

Excursión de Fin de CURSO programado polo Claustro: A ANPA colabora subvencionando parte do custo ós seus socios.

22.-SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS.**22.1. COMEDOR ESCOLAR.**

A organización do servizo de comedor escolar estará suxeita ás condicións marcadas polo prego de prescricións facilitado polo concello de Ferrol como prestatario do servizo.

22.2. TRANSPORTE ESCOLAR.

O transporte escolar no CEIP ALAXE é realizado pola empresa de transportes MONBUS que cubre tres itinerarios, o nº 1 pasa por Montecoruto ata a localidade de A Graña, o nº 2 pasando por Brión e chegando ata o Club de Remo de San Felipe e o nº 3 pasa por Doniños e vai ata a localidade de San Xurxo; as tres rutas levan un acompañante para o coidado dos alumnos e alumnas. A partir

deste ano as rutas están marcadas con distintas cores no chan da zona de saída co fin de telas mellor identificadas por parte de mestres e alumnos e alumnas de todas as idades.

En canto ó transporte que cubre as Actividades Extraescolares, temos un só autobús da empresa MONBUS que fai o traxecto por todas as paradas durante 3 días á semana: luns, mércores e xoves. Tamén ten acompañante para o coidado dos alumnos e alumnas.

A organización na entrada:

- os autobuses aparcan mesmo a carón do porta do centro, xa que teñen sitio para elo, e coa porta de baixada dos alumnos dando á muralla do centro ou á beirarrúa, para maior seguridade
- as acompañantes introducen aos alumnos no interior do recinto escolar non antes de 10 minutos do toque da serea. No caso que por necesidades do transporte teñan que entrar antes ao recinto serán custodiados nese tempo pola coidadora que os acompaña no bus.
- os alumnos no momento que entran no recinto xa non teñen permiso para saír ao exterior, e son vixiados polos dous mestres/as de garda.

A organización na saída:

- o alumnado sae acompañado polo mestre ou mestra que lles imparte clase na derradeira sesión lectiva, quen os acompaña ata a porta de saída e os entrega ás acompañantes.
- os autobuses están aparcados da mesma maneira que nas entradas, a carón do porta do centro e coa porta de subida dando á muralla do centro ou á beirarrúa para maior seguridade. As tres liñas están identificadas no chan con distintas cores, facilitando aos nenos a súa incorporación á fila pertinente.

Atención ás necesidades durante o transporte: O centro entregou á empresa de transporte e a cada acompañante das rutas, tanto da mañá como da tarde, unha lista personalizada cos nomes dos alumnos e alumnas que son usuarios do servizo, e os distintos teléfonos das familias para que no caso dun contratempo poidan poñerse en contacto con elas.

Xa no curso 2008/2009 a dirección pediu ao concello de Ferrol a sinalización vertical e horizontal e o pintado da zona destinada a aparcamento reservado para os autobuses no tempo das entradas e saídas. No curso 2009/2010 colocaron a sinalización vertical pero aínda falta a horizontal. A dirección volverá no presente curso a incidir sobre este tema nas distintas reunións que manteña coa concelleira de educación.

23.- PROXECTOS DE TRABAJO.

23.1.- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Intentaranse realizar todas as saídas propostas polos Equipos Docentes (visitas culturais, traballos de campo etc.) e dentro do horario escolar a ser posible.

Potenciarase a participación do alumnado en concursos literarios e artísticos.

A Dirección apoiará calquera actividade proposta por un profesor ou profesora a través dos Equipos de Docentes, sempre que sexa viable a súa realización.

Realizaranse as conmemoracións institucionalizadas e que figuran na Orde do 12 de xuño de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018 (DOG 15 de xuño de 2018), alén das festas tradicionais:

- ✓ Magosto.
- ✓ Nadal.
- ✓ Entroido.
- ✓ Día da Paz.(II carreira solidaria pola Paz)
- ✓ Día do Libro.
- ✓ Letras Galegas.

Estas celebracións faranse nun dobre plano: a nivel de aula e a nivel colectivo de centro. Para acadar un mellor resultado intentarase consensuar todas as ideas para realizar as actividades de forma coordinada.

As visitas e actividades didácticas programadas e/ou confirmadas ata o momento, son as seguintes:

Saídas	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
E.I. 3, 4 e 5 anos	-Actividades propostas polo Concello ou outros organismos oficiais, con carácter gratuíto. -Teatro (Concello de Narón) - Saída cultural e lúdica a Ferrol (19 de decembro)	-Actividades propostas polo Concello ou outros organismos oficiais, con carácter gratuíto. -Saída cultural e lúdica (por determinar)	-Actividade proposta polo Concello ou outros organismos oficiais, con carácter gratuíto. -Visita á estación Biolóxica da Graña. -Fin de curso (19 de xuño). Pobo aventura
1º e 2º	-Actividades propostas polo	-Actividades propostas polo	-Actividades propostas polo

	<p>Concello ou outros organismos oficiais, con carácter gratuíto.</p> <p>-Teatro (Concello de Narón)</p> <p>-Saída cultural e lúdica a Ferrol (19 de decembro)</p>	<p>Concello ou outros organismos oficiais, con carácter gratuíto.</p> <p>-Museo do pobo galego(venres 12)</p>	<p>Concello ou outros organismos oficiais, con carácter gratuíto.</p> <p>-Correlingua.</p> <p>-Fin de curso(19 de xuño). Pobo aventura</p>
3º e 4º	<p>-Actividades propostas polo Concello ou outros organismos oficiais, con carácter gratuíto.</p> <p>-Teatro (Concello de Narón)</p> <p>-Saída cultural e lúdica a Ferrol (19 de decembro)</p> <p>-Ondas con ilusión. Visita á cofradía de Barallobre</p>	<p>-Actividades propostas polo Concello ou outros organismos oficiais, con carácter gratuíto.</p> <p>Museo do pobo galego(venres 12)</p>	<p>-Actividades propostas polo Concello ou outros organismos oficiais, con carácter gratuíto.</p> <p>-Centro de interpretación Caldobal.</p> <p>-Correlingua</p> <p>-Fin de curso (19 de xuño), Pobo aventura.</p>
5º e 6º	<p>-Actividades propostas polo Concello ou outros organismos oficiais, con carácter gratuíto.</p> <p>-Saída cultural e lúdica a Ferrol (19 de decembro)</p> <p>-Ondas con ilusión. Visita á cofradía de Barallobre</p>	<p>-Actividades propostas polo Concello ou outros organismos oficiais, con carácter gratuíto.</p> <p>-Museo do pobo galego(venres 12)</p>	<p>-Actividades propostas polo Concello ou outros organismos oficiais, con carácter gratuíto.</p> <p>-Centro de interpretación Caldobal</p> <p>-Correlingua</p> <p>-Fin de curso (19 de xuño), Pobo aventura.</p>

Aos pais e nais se lles enviará unha circular para que autoricen aos seus fillos e ás súas fillas a participar en todas as saídas programadas e as que se poidan programar ao longo do curso escolar dentro do concello de Ferrol.

Todas as familias de nova incorporación cando formalizan a matrícula reciben unha circular para autorizar ao colexio a utilizar a imaxe dos seus fillos e ás súas fillas nas fotos expostas no centro, na revista, nos carteis, nos blogues das aulas, e na páxina WEB do

colexio(<http://www.edu.xunta.es/centros/ceiplaxe>) , na web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e en todos aqueles medios que utilice o colexio sen ánimo de lucro. O resto das familias xa asinaron no seu momento.

Do mesmo xeito, para calquera saída de pago (con fianza ou sen ela) estableceranse uns prazos concretos para pagar que se lles comunicarán a todas as familias mediante unha circular. Estes prazos de pago son de obrigado cumprimento para todo o alumnado que desexe asistir ás diferentes saídas; e de non respectalos quedarán excluídos e non poderán realizar esa saída.

23.2.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

A Dinamización Lingüística é un proceso complexo e dinámico que precisa fixar uns obxectivos concretos, deseñar un conxunto de accións interrelacionadas e facer balance do desenvolvemento de ditas accións e o grao de consecución dos obxectivos. Todo isto coa perspectiva dun cambio progresivo da situación da lingua galega cara á súa plena normalización.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo proclama que as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade, de aí a necesidade de contar co Proxecto Lingüístico de Centro.

Non debemos esquecer a importancia da necesidade de fomentar unha actitude positiva, tanto do profesorado como do alumnado, cara a nosa lingua, así como a riqueza formativa que supón para todo o colectivo a aprendizaxe e uso do galego.

O futuro da nosa lingua fai necesario o desenvolvemento de actividades cuxo fin sexa o coñecemento, respecto e potenciación da lingua galega nos centros (art 11º).

Todo o dito anteriormente implica a organización por parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, de programas e actividades en galego que teñan como finalidade o fomento do uso da lingua propia de Galicia entre os distintos compoñentes da comunidade educativa do centro.

O equipo Dinamización da Lingua Galega levará a cabo unha avaliación formativa durante todo o proceso, tanto das actividades programadas, como da súa propia actuación co obxectivo de mellorar na medida do posible o seu funcionamento e realizar os cambios pertinentes cando se considere necesario.

Obxectivos para o presente curso escolar:

- ✓ Continuar o seguimento da reportaxe gráfica das festas e actividades escolares.
- ✓ Participar na elaboración do xornal, en formato dixital e impreso, que publicaremos co motivo do Día das Letras Galegas.
- ✓ Potenciar o uso da Lingua Galega en todos os eidos.
- ✓ Elaborar unha relación de libros de lectura en galego da Biblioteca do Centro por niveis.
- ✓ Velar polo cumprimento dos aspectos referenciais especificados no Decreto 79/2010 , do 20 de maio para o plurilingüismo.
- ✓ Colaborar no Proxecto de Dinamización da Biblioteca Escolar que dirixe a mestra Nuria Permuy Casal.
- ✓ Velar polo cumprimento do Proxecto Lingüístico do Centro, así como dos aspectos engadidos na adenda anual.
- ✓ Participar no Proxecto Documental Integrado GALICIA

Descrición das actividades a desenvolver

CONFECIÓN DO XORNAL ESCOLAR.

ACTIVIDADES:

- Continuar coa elaboración de traballos relacionados co vocabulario a través do emprego da prensa escrita.
- Seleccionar lecturas axeitadas aos seus propios centros de interese.
- Confeccionar traballos relacionados coas diversas conmemoracións que teñen lugar ao longo do curso.
- Participación activa nos distintos procesos de elaboración e confección do xornal escolar, en formato dixital e impreso, que publicaremos co motivo do Día das letras Galegas.
- Elaboración e reparto de material sobre a figura "Antón Fraguas", autor ao que no ano 2019 dedica o Día das Letras Galegas a Real Academia Galega.

REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

ACTIVIDADES:

- Continuar o seguimento das festas e das actividades complementarias mediante unha reportaxe gráfica con textos de apoio.
- Exposición de carteis e murais relacionados coas festas tradicionais: MAGOSTO, NADAL, DÍA DA PAZ, ENTROIDO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS...

AMPLIACIÓN DOS RECURSOS DE BIBLIOTECA, AUDIOVISUAIS E ELECTRÓNICOS .

ACTIVIDADES:

- Continuar a actualización de libros en galego para completar tanto a biblioteca do centro como as específicas de aula.
- Elaboración de marcapáxinas con lemas relativos á Lingua Galega.
- Elaboración de trípticos recomendando a lectura de libros en galego establecidos por idades.
- Adquisición de materiais audiovisuais e en soporte electrónico en galego.

FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA COMO LINGUA VEHICULAR DE COMUNICACIÓN NO CENTRO.**ACTIVIDADES:**

- Empregar a Lingua Galega en todos os documentos do centro.
- A Lingua Galega será empregada como medio de comunicación verbal, de xeito xeral, nos distintos tipos de reunión e conmemoracións.

23.3.-EQUIPO DE BIBLIOTECA**Obxectivos xerais**

- Participar na elaboración do Plan Lector.
- Fomentar o hábito lector.
- Que o alumnado adquira o gusto pola lectura e así poder mellorar a súa expresión oral e escrita.
- Facilitar o acceso á información e recursos para a aprendizaxe das diversas áreas do currículo.
- Permitir ao alumnado o emprego de múltiples recursos que lle faciliten unha progresiva autonomía na aprendizaxe.
- Ofrecer a posibilidade de acceso igualitario aos bens culturais actuando como axente de compensación social.

Obxectivos específicos para o presente curso escolar

- Facer unha proposta de Plan Lector para presentar ao Claustro.
- Catalogar os fondos.
- Realizar un expurgo minucioso na biblioteca do centro, así como unha redistribución dos exemplares por niveis para unha mellor localización dos mesmos por parte dos lectores.
- Conseguir transmitir aos pais a Idea de que a lectura dos nenos se enriquece cando se conta coa complicidade dun adulto que comparta os seus descubrimentos e as súas fantasías con cercanía e afecto (nenos de Educación Infantil e 1º e 2º de Primaria).
- Dedicar un tempo diario (aula) e semanal (biblioteca) ao hábito da lectura.
- Inculcar hábitos de respecto e saber estar nunha biblioteca.
- Divulgar un decálogo cos dereitos do lector.
- Elaborar un Proxecto Disciplinar Integrado, que levará por título: Galicia.

Necesidades de renovación

- Aportar novidades aos fondos de lectura infantil e xuvenil.

23.4.-EQUIPO DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Desde hai varios cursos veñen realizándose no noso centro diversas actividades e actuacións con respecto ao uso das TIC.

O principal problema para o desenvolvemento dun Plan de TIC no centro é a falta de dispoñibilidade horaria por parte dos integrantes do Equipo para realizar as tarefas que deben desenvolver. O apoio ao profesorado que demanda axuda cos equipos informáticos ocupa máis tempo do que se dispón:

pequenas incidencias cos PC, problemas coas impresoras, xestión do correo electrónico, actualización da páxina web..., son tarefas que requiren unha atención rápida das persoas que non dispoñen apenas de horario para estes cometidos.

De todos os xeitos, intentaremos levar a cabo os obxectivos marcados no PLAN TIC aprobado no Claustro do 9 de outubro de 2018 así como a realización temporalizada das seguintes tarefas:

- Apoio técnico ao Equipo da Biblioteca.
- Actualización da páxina web.
- Mantemento xeral de equipos.
- Empregar o correo electrónico do profesorado como medio de comunicación inmediata con respecto ás informacións tanto de carácter sindical como profesional.
- Procurarase realizar un grupo de traballo de formación dirixido ao profesorado, sobre os seguintes aspectos:
 - Correo electrónico.
 - Procesador de textos, follas de cálculo e presentacións power-Point.
 - Busca de información na rede.
 - Navegación web.
 - Descarga de información.
 - Manexo de escáner.
 - Utilización do videoproxector e a pizarra dixital.

23.5.-EDUCACIÓN INFANTIL

A Educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.

- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lingua escrita como medio comunicación, información e gozo.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Actividades para a consecución destes obxectivos

- Programacións Didácticas de Ciclo.
- Observación da aula e da escola.
- Exploración e experimentación corporal.
- Realizar autonomamente as súas necesidades básicas: hixiene, alimentación etc.
- Fomentar actividades de limpeza, aseo, orde...
- Participación en diversas actividades colectivas a realizar no centro, así como nas visitas e excursións programadas.

23.6.-EDUCACIÓN PRIMARIA

Os obxectivos da educación primaria estarán encamiñados á adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que lles permitan:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia e aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.
- Coñecer, comprender e respectar as diferencias entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidades.
- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- Adquirir en, polo menos una lingua estranxeira, a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicarlos ás distintas situacións da súa vida cotiá.

- Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e sociedade galegas.
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Actividades para a consecución destes obxectivos

- Aplicación das unidades didácticas programadas ou elaboradas polo profesorado.
- Especial incidencia en actividades de comprensión lectora para conseguir que a lectura sexa fonte de pracer e información.
- Visitas a lugares concretos do seu contorno próximo.
- Participación activa no coidado do contorno (recollida de papel, plantación de árbores...)
- Lectura e comentario de noticias de actualidade a través de libros e películas con diferentes finalidades: información, estudo, diversión etc.
- Adoptar hábitos de hixiene, de alimentación, posición etc. manifestando unha actitude responsábel cara o seu propio corpo e relacionando estes hábitos cos efectos beneficiosos sobre a saúde.
- Realización de traballos en grupos e participación en actividades colectivas.
- Exposición de traballos realizados polos alumnos e alumnas.
- Fomentar o traballo en equipo, a convivencia harmónica e o respecto cara a todos os membros da Comunidade Educativa.
- Potenciar hábitos de orde e traballo.
- Perfeccionar as destrezas e desenvolver técnicas de estudo.
- Seguir potenciando o interese pola lectura e a creatividade.
- Profundizar no coñecemento de linguas estranxeiras (inglés).
- Concienciar da necesidade de perfeccionar a lingua escrita como medio de comunicación.
- Adquirir os conceptos e técnicas básicas do razoamento matemático.
- Integrar os temas transversais e a educación en valores na realidade da aula.
- Introducir as novas tecnoloxías no traballo de aula.
- Aplicar os medios informáticos no desenvolvemento do currículo.

- Elaboración de material didáctico específico.
- Confección de materiais que conciencien ao alumnado da necesidade do coidado das instalacións do centro.
- Funcionamento das bibliotecas de aula.
- Saídas, xornadas de convivencia e actividades en gran grupo para fomentar a convivencia entre os cursos.

24.- AVALIACIÓN

A avaliación da Programación Xeral do centro será realizada polo Consello Escolar, sen prexuízo das competencias do Claustro de Profesores, en relación coa planificación e organización docentes, tal como se recolle no Título V, capítulo III, artigo 127 da LOE.

A presente Programación Xeral Anual foi elaborada pola Dirección coas achegas e suxestións do Claustro de Profesores e o Consello Escolar avaliándose e aprobándose na reunión celebrada o día 9 de outubro de 2018.

A DIRECTORA E PRESIDENTA DO CONSELLO ESCOLAR

Patricia M^a Cons Formoso

ANEXO I

ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

INTRODUCCIÓN

Tal como consta no decreto 79/2010 de 20 de maio (DOG do 25 de maio), así como no punto 4 do Proxecto Lingüístico de Centro avaliado polo Consello Escolar e aprobado con data do 24 de setembro de 2018, “Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal consten”:

- Os resultados da consulta aos pais, nais, titores/as do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado que comenza en Educación Infantil (*dito punto establecido no artigo 5.2 do decreto, resultou anulado por sentenza do TSXG aínda que realizouse a pregunta informativa e non vinculante remitida desde a Consellería*).
- As actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais.
- As posibles modificacións na impartición de materias sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola Consellería sobre o idioma de impartición de materias.

- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

Como consecuencia do exposto, elaborase o documento referente tendo en conta as sentenzas da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 21 de novembro de 2012 (PO 447/10, 5888/10 e 595/10) e do 28 de novembro de 2012 (PO 569/10, 589/10 e 591/10) que anularon o punto 2 do artigo 5 e o punto 3 do artigo 12 do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

RESULTADOS DA PREGUNTA INFORMATIVA AOS PAIS SOBRE A LINGUA MATERNA

Unha vez realizada a pregunta informativa e non vinculante ás familias do alumnado do primeiro curso do segundo ciclo de Educación Infantil de nova incorporación, os resultados foron os seguintes:

O total das familias que votaron marcaron como lingua materna o castelán.

ELECCIÓN DA LINGUA MATERNA POR PARTE DO CENTRO

Seguindo a instrución do 31 de xullo de 2013, o centro fixou a lingua predominante baseándose nos seguintes parámetros:

- O resultado da pregunta informativa e non vinculante realizada ás familias.
- A realidade sociolingüística do entorno.
- A garantía da presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares na programación anual do centro e, polo tanto, da adquisición de coñecementos nas dúas linguas.

O centro escolar resolve que, no presente curso académico 2018/2019, a lingua materna a empregar no cuarto nivel do segundo ciclo de educación infantil será o castelán.

EMPREGO DA LINGUA POR PARTE DO ALUMNADO

O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área ou materia.

EDUCACIÓN INFANTIL

Á hora de tomar decisións sobre as medidas a adoptar para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten na etapa de Educación Infantil, teremos en conta os seguintes aspectos:

- Como aprenden os nenos e as nenas.
- Respetar o principio de globalización.
- Asegurar aprendizaxes significativas e funcionais.
- O rol que debe asumir o profesorado.
- A consideración do xogo como a actividade propia desta etapa.
- Necesidade da creación dun ambiente cálido e acoledor.
- Organización do ambiente de aprendizaxe: espazo, materiais, agrupamentos e tempo.
- Tipo de actividades.
- A coordinación entre todos os profesionais que interveñen.

As actividades básicas para esta etapa serán as seguintes:

- Xogos de carácter audiovisual.
- Cantar (cancións infantís, cancións populares...).
- Adiviñas.
- Representar obras teatrais.
- escoitar e contar textos imaxinativos e contos con imaxes.
- Emprego de materias específicos (quebracabezas, puzzles...).
- Emprego de software específico para traballar as TIC.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Á hora de tomar decisións sobre as medidas a adoptar para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten na etapa de Educación Primaria, teremos en conta os seguintes aspectos:

- Toda a actividade que realizan os nenos e nenas ao longo da xornada escolar é potencialmente educativa, nada do que se fai na aula resulta indiferente e así é como debe considerarse na súa planificación.
- As actividades propostas deberían supoñer sempre un reto para o alumnado e mobilizar diferentes competencias na súa realización. A estas idades serán variadas e a súa duración debe estimarse en función do interese que susciten.

As actividades básicas para esta etapa desglósanse en actividades de carácter xeral e actividades de carácter lúdico:

ACTIVIDADES DE CARÁCTER XERAL

- Actividades de produción escrita (composición).
- Actividades de produción oral (ler, contar, presentar, interactuar, etc.).
- Actividades gramaticais (encher ocos, rematar oracións, etc).
- Actividades de vocabulario.
- Actividades de comprensión lectora.
- Actividades de comprensión oral.
- Desenvolvemento e análise de programacións na aula sobre contidos da materia.
- Chuvia de ideas, redes de vocabulario, etc.
- Emprego de materiais escolares variados destinados á didáctica da lingua.

ACTIVIDADES DE CARÁCTER LÚDICO

- Orais (historias con erro: como, cando, onde, etc).
- Escritos (o xogo do aforcado, etc).
- Audiovisuais (o bingo das imaxes, o xogo das películas, etc).
- Xogos de taboleiro e de cartas (as palabras cruzadas, o Pictionary, o xogo da oca, Monopoly, etc).
- Charadas, mímica, etc.
- Pasatempos (encrucillados, sopas de letras, adiviñas, etc).
- Cancións populares.
- Recontar e reescribir historias.
- Representar un papel ensaiado.

MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓN DE MATERIAS SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA SOBRE O IDIOMA DE IMPARTICIÓN DAS MESMAS

Dado que formamos parte da rede de CENTROS PLURILINGÜES en Educación Primaria, contando coa preceptiva autorización, o curso 2018/19 impartirase a materia de plástica en inglés en todos os cursos de primaria.

No ano 2018/19 incorporámonos ao programa de plurilingüismo (Plurin infantil) polo que se estamos a adicar unha hora semanal en cada grupo na que empregamos a lingua estranxeira (inglés), como lingua vehicular e tamén na materia de música.

As tarefas que realizamos intégranse nas levadas a cabo nas titorías.

O traballo xira arredor de tres fíos temáticos ao longo do curso: proxectos de aula, proxecto do centro (biblioteca) e actividades complementarias e extraescolares.

As actividades organízanse en tres obradoiros a desenvolver ao longo dos tres trimestres: obradoiro de cociña, obradoiro das artes (musical e plástica) e obradoiro medio-ambiental,

tendo un protagonismo significativa en todos eles a introdución das TIC e a figura da persoa auxiliar de conversa.

VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES LEVADAS A CABO NO CURSO 2017-2018

Os obxectivos marcados no proxecto lingüístico: Fortalecer a lingua galega, empregar a lingua galega como vehículo de expresión nas relacións do centro, mellorar a competencia lingüística da Comunidade Escolar e promover o coñecemento da nosa realidade cultural, cumpríronse amplamente.

ACTIVIDADES REALIZADAS

- Obradoiros de lectoescritura.
- Contacontos.
- Celebración da Samaín, Nadal, Entroido, Día da Paz, Día do Libro e Día das Letras Galegas.
- Actividades de produción escrita: composición de contos ilustrados.
- Obradoiros de lectura.
- Emprego de diversos materiais didácticos e recursos web.
- Confección do Xornal Escolar número 15 en formato impreso e dixital.

INFORMACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS PARA O CURSO 2018-2019

As actividades que se levarán a cabo no presente curso escolar, terán en conta os seguintes aspectos:

- A lingua galega estará presente en todos os aspectos da vida do centro
- Fomentarase a creación de actitudes positivas cara á lingua.
- Potenciarase o uso da lingua galega en todos os eidos.
- Intentarase abarcar tanto o apartado oral coma escrito da lingua galega.
- Implicación do profesorado, alumnado, pais e nais e persoal non docente na súa realización.
- Algunhas das actividades supoñen unha continuidade do ano anterior.

ACTIVIDADES PREVISTAS

- Continuar con aquelas actividades que tiveron unha alta implicación por parte do alumnado e profesorado (contacontos, actividades de lectoescritura, obradoiros, ampliar o vocabulario, lectura e interpretación de contos e lendas tradicionais, animación á lectura, adiviñas, refraneiro, colaboración coa biblioteca da deputación...)
- Recitado e dramatización de poemas.
- Proxecto de dinamización da biblioteca: ampliar o número de títulos en lingua galega. Facer partícipes aos alumnos deste proxecto, implicándoos na súa ambientación.

Facilitarlles toda a información que precisen, intentando dentro do posible mellorar o plan lector e ampliar os servizos e equipamentos.

- Achegar a informática ao alumnado e aproveitar as súas vantaxes para afianzar os obxectivos e contidos en lingua galega.
- Realizar saídas culturais propostas polo EDLG en colaboración co profesorado.
- Potenciar a participación do alumnado en concursos literarios.
- Confección do Xornal Escolar número 15, en formato impreso e dixital.
- Participación activa de todos os membros da comunidade educativa naquelas conmemoracións institucionalizadas e tradicionais: Samaín, Entroido, Nadal, Día do Libro, Letras Galegas...
- Elaboración de marcapáxinas con lemas relativos á Lingua Galega.
- Aumentar o número de blogs, especialmente de aula, con respecto aos actualmente creados: (Infantil, Relixión,, Música, PT e Biblioteca), e enlazalos á páxina web dinámica do noso centro. <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceip.laxe>

A addenda ao Proxecto Lingüístico do Centro foi avaliado positivamente polo Consello Escolar na reunión ordinaria celebrada o día 9 de outubro de 2018, e aprobada pola dirección do centro na mesma data.

A directora e presidenta do Consello Escolar.

Asdo: Patricia M^a Cons Formoso.

ANEXO II

PLAN LECTOR ANUAL

1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo principal do plan de fomento da lectura e do desenvolvemento da comprensión lectora consiste en motivar ao noso alumnado para que atopen a lectura como un medio de entretemento e aprendizaxe e mellorar a súa comprensión lectora a través dunha metodoloxía activa e participativa que contará con todos os medios ao alcance do centro.

2. XUSTIFICACIÓN DO PLAN ANUAL DE LECTURA

Co fin de impulsar a promoción e práctica da comprensión lectora prevista nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, e o grao de adquisición das competencias básicas correspondentes a cada unha das áreas do currículo, regúlase o presente Plan, que vai potenciar a súa práctica diaria por parte de todo o profesorado en todas as áreas do xeito máis harmónico e eficaz posible.

A xustificación do mesmo ben dada pola aplicación da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que nos seus artigos 16.2, 17 e), 19.2 e 19.3 indica o seguinte:

- ✓ Unha das finalidades da Educación Primaria é a adquisición das habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral e á lectura.
- ✓ Os alumnos deben desenvolver hábitos de lectura.
- ✓ A lectura debe traballarse en todas as áreas do currículo.
- ✓ A fin de fomentar o hábito da lectura, adicarase un tempo diario á mesma.

Así mesmo, no decreto 105/2014 pola que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no seu artigo 15.4, establécese que os centros educativos organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura, non inferior a trinta minutos.

A incidencia dos problemas relacionados coa lectura no fracaso escolar é evidente. Por iso é cada día máis urxente deseñar un PLAN DE LECTURA baseado no PROXECTO LECTOR DO CENTRO, no que estean programados e avaliados os distintos tipos de lectura e os seus logros. A didáctica da lectura soamente é posible desde unha óptima biblioteca escolar que deberá ser o corazón da escola, o eixo sobre o que xire todo o desenvolvemento do currículo, o motor do cambio e a mellora do sistema educativo. Pero reivindicar a biblioteca non é pedir soamente un espléndido espazo físico cheo dos materiais editados máis sofisticados e futuristas. A biblioteca, en si mesma, non será a solución a ningún problema, sexa académico, estrutural ou cultural. Pode ser o medio desde o que profesorado, alumnado e familia, estean dispostos a levar a cabo unha transformación realista pero valente, con compromiso e cooperación, vontade de autocrítica e sentido común.

3. OBXECTIVOS XERAIS

- ✓ Favorecer o hábito lector e a mellora da competencia lectora desde todas as áreas do currículo.
- ✓ Acadar unha velocidade lectora e unha expresión oral, acorde coas distintas idades.
- ✓ Mellorar o nivel de comprensión lectora.
- ✓ Programar actividades de animación á lectura acordes ás idades e niveis.
- ✓ Desenvolver a lectura recreativa empregando para elo a biblioteca de aula.
- ✓ Empregar a lectura como fonte de goce e información.
- ✓ Implicar aos pais, asesorando ás familias sobre como poden contribuír a fomentar o gusto pola lectura, na casa, a partires do préstamo de libros da biblioteca.
- ✓ Fomentar o emprego da biblioteca como centro de documentación e recursos e espazo de aprendizaxe e entretemento.
- ✓ Avaliar a competencia lectora do noso alumnado.

4. PLANS DE TRABAJO ESPECÍFICOS

EDUCACIÓN INFANTIL

Aínda co Plan de Fomento á Lectura non faga mención implícita a esta etapa, desde o noso centro traballarase para motivar ao noso alumnado cara á aprendizaxe da lectoescritura e para favorecer a continuidade entre a Educación Infantil e a Educación Primaria, así como para aplicar o Decreto 79/2010 de plurilingüismo.

Así, os obxectivos xerais que se traballarán a grandes rasgos serán:

- ✓ Despertar o interese e o gusto pola lectura.
- ✓ Tomar contacto con distintos tipos de textos (contos, rimas, adiviñas...).
- ✓ Descifrar mensaxes sinxelas con distintos códigos dependendo da idade e o momento madurativo do/a alumno/a (imaxes, palabras sinxelas...).

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS INFANTIL 3 ANOS

- ✓ Comprender e reproducir fragmentos de poemas, detalles de contos...
- ✓ Desenvolver o gusto e o pracer por escoitar e mirar contos cando o adulto le.
- ✓ Ler e interpretar pictogramas e imaxes.
- ✓ Contar detalles dos contos e memorizar poemas.
- ✓ Prestar atención e amosar interese polos textos tradicionais.
- ✓ Desenvolver a actitude de coidado no manexo dos libros.

- ✓ Ampliar o vocabulario a través de diferentes textos tradicionais.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS INFANTIL 4 ANOS

- ✓ Comprender e reproducir algúns textos tradicionais: contos, poemas, adiviñas...
- ✓ Contar detalles dos contos e memorizar poemas.
- ✓ Ordenar viñetas relacionadas cun conto, secuencialmente.
- ✓ Seguir a direccionalidade axeitada á hora de ler.
- ✓ Desenvolver o gusto e o pracer de escoitar e contar contos.
- ✓ Reproducir algunha palabra relacionada co conto.
- ✓ Representar o argumento do conto ou dalgún detalle a través da expresión escrita, corporal ou plástica.
- ✓ Desenvolver a actitude de coidado no manexo dos libros.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS INFANTIL 5 ANOS

- ✓ Comprender e reproducir algún textos orais valorándoos e amosando interese cara eles.
- ✓ Identificar e memorizar fragmentos de textos tradicionais: contos, poemas, adiviñas...
- ✓ Recoñecer algunhas palabras en textos de uso común: libros, revistas, xornais, contos...
- ✓ Representar o argumento do conto ou dalgún detalle a través da expresión escrita, corporal ou plástica.
- ✓ Amosar iniciativa e interese por participar en situacións comunicativas.
- ✓ Desenvolver a actitude de coidado no manexo dos libros.
- ✓ Desenvolver o gusto e o pracer por escoitar e contar contos.
- ✓ Expresarse correctamente utilizando as normas que rexen os intercambios lingüísticos.

1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- ✓ Despertar o interese e o gusto pola lectura a través de distintos tipos de textos.
- ✓ Aumentar a comprensión lectora e o vocabulario do alumno.
- ✓ Ser capaz de contar unha historia ou expresar a súa idea principal despois de tela escoitado ou lido.
- ✓ Potenciar o emprego da biblioteca de aula.

Para acadalo realizaranse as seguintes actividades:

- ✓ Prestamo de libros da biblioteca de aula e do centro.
- ✓ Realización de fichas de lectura.
- ✓ Lectura diaria na clase.
- ✓ Narracións por parte dos mestres/as.
- ✓ Participación en contacontos e actividades de animación á lectura propostas polos equipos docentes.
- ✓ Visitas semanais á biblioteca do centro.

3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- ✓ Mellorar a pronunciación, entonación, velocidade e ritmo na lectura.
- ✓ Mellorar a comprensión lectora e ampliar o vocabulario.
- ✓ Recoñecer a estrutura dun determinado texto (presentación, nó e desenlace).
- ✓ Identificar aos personaxes protagonistas e secundarios.
- ✓ Iniciar ao alumnado no emprego do dicionario.
- ✓ Potenciar o emprego das bibliotecas de aula e centro.

5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- ✓ Perfeccionar a pronunciación, entoación, velocidade e ritmo na lectura.
- ✓ Mellorar a comprensión lectora e ampliar o vocabulario.
- ✓ Recoñecer a estrutura dun determinado texto (presentación, nó e desenlace).
- ✓ Distinguir diferentes tipos de textos (narrativo, descritivo, expositivo...).
- ✓ Recoñecer o sentido global dun texto e identificar as ideas principais e secundarias do mesmo.
- ✓ Fomentar o emprego do dicionario.
- ✓ Potenciar o emprego das bibliotecas municipais, de centro e de aula.
- ✓ Desenvolver a escritura e o inicio desta con pequenas composicións.
- ✓ Desenvolver a creatividade, fantasía e imaxinación.
- ✓ Coñecer aos autores para tomar contacto cos creadores das historias.

5. RECURSOS

Recursos humanos.

- ✓ Titores.
- ✓ Equipo da Biblioteca.
- ✓ A encargada da Biblioteca que este ano será a mestra Nuria Permuy Casal
- ✓ Todos aqueles relacionados directa ou indirectamente cos temas ofertados polas distintas administracións: préstamos de lotes, plans de fomento e animación á lectura, Biblioteca Municipal...

Recursos materiais.

- ✓ Libros del texto das diferentes asignaturas.
- ✓ Recursos das bibliotecas municipais, de centro e de aula (libros, dicionarios, de consulta...).
- ✓ Materiais audiovisuais (películas, música, DVD de diversas categorías...).
- ✓ Materiais TIC.
- ✓ Láminas ilustrativas, monicreques e outros materiais adaptados para educación infantil e primaria.
- ✓ Soportes textuais cotiás: prensa, receitas, carteis, etiquetas, folletos...).
- ✓ Material funxible para a realización de actividades.
- ✓ Fichas de control de lectura.
- ✓ Dicionarios básicos e de sinónimos e antónimos.

6. METODOLOXÍA

1º E 2º DE PRIMARIA

Nos dous primeiros cursos, traballaremos dun xeito activo e participativo. Ademais da lectura comprensiva, silenciosa e en voz alta.

Levaremos a cabo o préstamo de libros tanto da biblioteca central como da de aula, traballando neles con distintas actividades, fichas sinxelas...

Debido a que o alumnado está a iniciarse na lectura, os libros que empreguen para o plan lector non se reducirán a uns títulos en concreto, senon que se adaptarán ao momento evolutivo de cada alumno/a (máis ou menos texto, apoio de imaxes e/ou pictogramas...)

3º e 4º DE PRIMARIA

Nestes dous cursos traballaremos a lectura en todos os seus ámbitos: silenciosa, en voz alta, individual e lectura colectiva. Para isto será prioritaria a dotación de lotes específicos.

O alumnado confeccionara fichas das lecturas referentes aos libros seleccionados.

5° E 6° DE PRIMARIA

A metodoloxía variará dependendo do momento no que se realicen as actividades. Traballaremos sempre actividades previas, durante a lectura e posteriormente á mesma.

Comenzaremos pola análise de textos sinxelos para pasar despois a textos máis complexos. Leranse os libros seleccionados para os cursos específicos.

7. BIBLIOTECA

Dotamos á biblioteca con exemplares (libros, material de consulta....) Así mesmo estase a levar a cabo un proxecto de dinamización da mesma e de actividades de animación á lectura.

7.1. ACCIÓNS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

Para acadar os obxectivos propostos levaremos a cabo as seguintes accións:

- ✓ . Cada curso terá un horario semanal para acudir e utilizar a biblioteca.
- ✓ . O horario de utilización, elaborado conxuntamente polo profesorado, estará exposto no taboleiro da sala de mestres.
- ✓ . Os fondos atoparanse informatizados e catalogados mediante o programa informático MEIGA, para levar a cabo un correcto servizo de préstamos e actualizacións.
- ✓ . As normas de funcionamento da biblioteca, estarán expostas na mesma.

7.2. XESTIÓN TÉCNICA E ACTUACIÓNS

Para desenvolver este plan consideramos necesario levar a cabo actuacións referentes a:

MELLORA E ACTUALIZACIÓN DE FONDOS

O éxito da biblioteca depende especialmente da actualidade dos materiais que ofrece aos usuarios, polo que se fai necesaria a actualización dos fondos. A lectura poderá facerse en calquera soporte e non será exclusiva das áreas de linguaxe.

O equipo da biblioteca e a súa responsable elaborarán un plan de adquisicións para cada curso. Así mesmo, levaranse a cabo expurgos periódicos para establecer prioridades e paliar deficiencias.

Todos os fondos do centro estarán centralizados na biblioteca. Unha vez informatizados e catalogados poderán ser prestados ás bibliotecas de aula así como á biblioteca de profesores.

POTENCIACIÓN DA LECTURA

A transformación da biblioteca nun centro de recursos que apoie a aprendizaxe activa de todas as áreas e niveis implica, non soamente cambios organizativos, senón tamén metodolóxicos.

Para a correcta utilización da biblioteca, elaboraremos un calendario de uso, tendo en conta as programacións de cada nivel ou área.

A falta de interese pola lectura e a deficiente comprensión lectora do alumnado é un problema preocupante, polo que consideramos necesario potenciar desde o centro medidas que conduzan a crear lectores e que ademais poidan ser lectores críticos capaces discriminar e seleccionar a información. Desde a biblioteca tratarase de romper coas actitudes negativas do alumnado respecto á lectura.

As actividades de animación á lectura non se presentarán dunha forma illada do currículo, senón integradas no plan lector do centro, consensuado e planificado polo profesorado.

De seguido facemos unha proposta de accións para o presente curso, que se poñerán en práctica desde a biblioteca tratando de presentar o libro e a lectura como posibilidades próximas para que os nenos e nenas acaben elixindo un libro voluntariamente para o seu tempo de lecer.

Accións encamiñadas a unir afectivamente ao alumnado coa biblioteca escolar.

- ✓ Confección do carné lector/a.
- ✓ Elaboración periódica de materiais da biblioteca escolar: adhesivos, puntos de lectura, carteis, etc.
- ✓ Presentación da biblioteca. Visitas guiadas dos alumnos/as, de cada nivel, para presentar as diferentes seccións da biblioteca, analizar os contidos de cada unha, recoller suxestións... Estas visitas é convinte repetilas periodicamente.
- ✓ Ofertar aos nenos e nenas de 6o de primaria, a posibilidade de exercer de bibliotecarios e bibliotecarias, para ordenar os fondos, formalizar préstamos e devolucións e colaborar nas actividades que se precisen e determinen.

Accións de uso habitual na biblioteca.

- ✓ Apertura diaria para que todo o alumnado poida acudir libremente á sala de lectura con fins diversos: buscar información, rematar traballos...
- ✓ Préstamos de libros con trámites sinxelos.
- ✓ Acudir á biblioteca en grupo, una hora á semana.
- ✓ Formación de criterios e gustos persoais na elección das lecturas.
- ✓ Descubrir as posibilidades que ofrece a lectura como fonte de pracer e fantasía, de información e de saber.
- ✓ Lecturas en voz alta, por parte do mestre/mestra, de poemas, contos, noticias de prensa, etc., e facer algunha reflexión ou comentario sobor do escoitado.
- ✓ Intercambios de experiencias lectoras.
- ✓ Lectura en voz alta dun mesmo libro por parte de toda a clase, empregando a pronunciación, o ritmo e a entoación axeitados.
- ✓ Promover a lectura noutros soportes: xornais, revistas especializadas, internet...
- ✓ Promover actos de recitado e dramatización de poemas, libros, contos, etc., ante o resto de compañeiros e compañeiras da clase. Dita actividade será idónea na organización e posta en escena de actos abertos nos que contemos coa asistencia das familias.
- ✓ Préstamos de bloques de libros para nutrir temporalmente as bibliotecas de aula, así como levar as novidades ás aulas.
- ✓ Accións de sensibilización cultural e de participación da comunidade escolar.
- ✓ Realización de exposicións, convertendo a biblioteca nun espazo dinámico que a faga merecedora da consideración de lugar de alto interese para o alumnado.
- ✓ Sesións de contacontos, contando coa colaboración de: nais, pais, avós, avoas e persoal do colexio. O alumnado dos cursos altos preparará sesións narrativas, de recitado ou dramatización enfocado aos máis pequenos.
- ✓ Colocar por diferentes lugares da biblioteca "citas lectoras", parágrafos de libros significativos que poidan servir de reclamo para que os nenos e nenas se interesen polo libros que hai na biblioteca.
- ✓ Elaboración de carteis.
- ✓ Intercambio e boa relación coa biblioteca municipal.

POTENCIACIÓN DA ESCRITURA

Que desde a biblioteca falemos de animación á lectura non debe supor que o fagamos independentemente da escritura. Escritura e lectura deben camiñar estreitamente unidas. Esta actividade non se poderá facer sempre na biblioteca pero pode ter nesta o seu núcleo de partida.

Algunhas accións que se poden levar a cabo, que se concretarán con propostas, serán:

- ✓ Confección de contos, postais ou carteis individuais ou colectivos coincidindo cos concursos do Día do Libro e do Día das Letras Galegas organizados polo Concello.
- ✓ Participación colectiva na confección do número 15 da revista escolar do centro VALÓN. COM.
- ✓ Colaboracións para outras publicacións.

7.3. HORARIO PREVISTO DE USO DA BIBLIOTECA EN HORARIO LECTIVO.

Coa finalidade de reservar una sesión específica de biblioteca a cada grupo de alumnos, establécese o horario , quedando o resto das horas á dispoñibilidade dos titores/as que desexen empregala e que se anotarán no cadro situado na sala de mestres.

8. ESTRATEXIAS.

8.1. ESTRATEXIAS DE APOIO AO CURRÍCULO

Partimos de que as seguintes premisas son básicas para que cada docente coñeza o punto de partida e o camiño a seguir para acadar os obxectivos propostos no Proxecto Lector do Centro:

- ✓ Diagnosticar o nivel lector do alumnado.
- ✓ Dedicar 1/2 hora diaria, dentro do horario lectivo do alumnado, á lectura. De cara a unificar criterios establécese, con carácter xeral, que dito período sexa a continuación do primeiro recreo, para todo o alumnado do colexio.
- ✓ Incluír en todas as materias a lectura de textos non escolares en distintos soportes (extraídos de Internet, da prensa diaria, de revistas especializadas, de enciclopedias, e dos libros de consulta existentes na biblioteca), garantindo a comprensión por medio do emprego do dicionario e a realización de esquemas e resumos. Estas actividades de lectura se desenvolverán, preferentemente, na biblioteca.
- ✓ Na medida do posible, traballarase a orixe etimolóxica dos termos estudados para facilitar a ampliación do léxico e a relación entre os coñecementos das distintas áreas.
- ✓ Fomentar a lectura de textos narrativos e expositivos na lingua estranxeira cursada.
- ✓ Fomentar a práctica na aula e fóra dela de distintos tipos de lectura: lectura en voz alta, lectura para buscar unha información concreta, lectura global, lectura para satisfacer a curiosidade, lectura para entreterse...
- ✓ A comprensión lectora de textos narrativos e expositivos (contos, libros de texto, noticias, reportaxes e outros materiais...) é una das tarefas propostas dentro dos plans de mellora na área de competencia lingüística. Enfócase ao alumnado de Educación Primaria adaptando os criterios aos niveis competenciais de cada grupo de alumnos e concrétese nos seguintes procesos lectores:
 - o Comprensión global: ideas principais.
 - o Comprensión pormenorizada: localizar información.
 - o Interpretación e reelaboración do texto.
 - o Reflexión sobre a forma e o contido do texto.

8.2. ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES DE COMUNICACIÓN.

- ✓ Propoñer ao alumnado a realización de pequenos traballos de investigación de carácter interdisciplinar empregando fontes variadas. Este aspecto está especialmente vinculado ao emprego das TIC.

- ✓ Fomentar o traballo en grupo como medio de facilitar os intercambios orais e de axudarlles a obter unha maior comprensión e interpretación dos textos.
- ✓ Presentar o resultado dos traballos de investigación en soportes variados: presentación en Power Point, textos literarios, artigos, resumos...
- ✓ Preparar exposicións orais sobre os traballos realizados.

8.3. ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN CULTURAL.

- ✓ Seleccionar libros de lecturas para os distintos cursos e niveis.
- ✓ Elaborar guías de lectura ou aproveitar as elaboradas por outros centros e institucións e difundilas a través dos taboleiros de anuncios das aulas, da páxina web e do blog.
- ✓ Realizar reseñas dos libros lidos e difundilos do mesmo xeito que no punto anterior.
- ✓ Asistir a obras de teatro, visitas a bibliotecas, librarías, proxección de películas procurando que as actividades estean adaptadas á idade e preparación do alumnado. Estas actividades non se realizarán de xeito illado ou puntual, senón que se realizarán actividades previas e posteriores ás mesmas para garantir o seu aproveitamento didáctico.
- ✓ Asistir aos concertos didácticos planificados na Programación Anual.
- ✓ Celebración de actos conmemorativos en datas sinaladas: Día do Libro, Día das Letras Galegas...
- ✓ Organización de concursos de carteis, fotografías, marcapáxinas así como de concursos literarios.
- ✓ Realizar exposicións anuais, na biblioteca, dos traballos máis interesantes realizados polos alumnos.

9. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

Á hora de avaliar o presente Plan Lector teremos en conta principalmente a valoración dos seguintes aspectos:

- ✓ A colaboración da Comunidade Educativa.
- ✓ O aumento progresivo do hábito lector.
- ✓ A mellora na utilización dos diferentes soportes de información, localizando e interpretando correctamente as reseñas informativas.
- ✓ A comprensión e o uso dos sistemas de clasificación.
- ✓ A mellora no achegamento ao mundo da información e a súa influencia na vida sociocultural.
- ✓ A adquisición de hábitos adecuados con respecto aos espazos e materiais informativos.
- ✓ O fomento do interese polas tarefas de busca e acceso á información.
- ✓ A aprendizaxe cooperativa e o desenvolvemento de habilidades e estratexias de información relacionadas con temas de actualidade.
- ✓ Se a biblioteca estase a converter en centro de documentación, en centro de aprendizaxe, en centro de experimentación e creación, e en espazo para o lecer de todos os usuarios.
- ✓ A mellora na xestión e promoción da biblioteca.

ANEXO III

PLAN TIC

1. INTRODUCCIÓN

A integración das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) vai moito máis aló do mero feito de acercar as máquinas ás aulas ou aos alumnos. A integración ou “implantación total” pasa por sistematizar o seu uso, por deseñar e implementar proxectos curriculares nos que as TIC estén presentes.

O presente plan elabórase coa finalidade de que o alumnado, ao remataren a ducación Primaria, acade unha competencia dixital consistente en dispoñer de habilidades para buscar, procesar e comunicar información e para transformala en coñecemento.

Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

A creación do plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación no centro e na aula, implica a participación activa de todo o equipo docente.

Unha vez aprobado, incluírase no P.E. e se incorporará á Programación Xeral Anual do centro e a súa avaliación, na Memoria Anual.

2. PAUTAS DE SEGUIMIENTO E COORDINACIÓN

Coa finalidade de avaliar o presente plan e determinar, se é o caso, aspectos de mellora, cada trimestre e ao final de curso tratarase dito aspecto na Comisión de Coordinación Pedagóxica. A coordinadora de TIC e do proxecto E-Dixgal será: María Paz López.

Como coordinador dinamizará, potenciará e supervisará os seguintes aspectos:

- ✓ Xestións e seguimento das reparacións dos equipos informáticos e posta en marcha do novo, equipamento.
- ✓ Instalación de programas.
- ✓ Mantemento básico dos equipos informáticos.
- ✓ Coordinación dos distintos grupos de traballo na aula de informática.
- ✓ Asesoramento sobre o manexo dos medios informáticos e programas concretos.
- ✓ Estudo dos novos programas e propostas de utilización.
- ✓ Colaborar cos pais e nais na organización das actividades de informática que xurdan no centro.

3. -OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

3.1.- OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO EN RELACIÓNS ÁS TIC

Potenciar o emprego da informática como ferramenta de traballo no proceso de ensinanza-aprendizaxe, utilizándoa de forma activa por parte do alumnado.

- Favorecer o seu emprego, por parte do profesorado, nas tarefas xerais do Centro: programacións, memorias, plans, actividades...
- Facilitar a busca de información e a depuración crítica da mesma, como forma de coñecer o mundo de Internet e as súas posibilidades de acceso á información útil.
- Fomentar a páxina Web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a Comunidade Educativa.
- Familiarizar ao alumno co medio informático e as novas tecnoloxías.
- Aumentar a motivación interna que no alumnado esperta o entorno multimedia para consolidar as aprendizaxes de forma profunda aproveitando o interese intelectual que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Converter Internet nunha ferramenta educativa posta ao servizo da aprendizaxe do noso alumnado.
- Coordinar a acción do profesorado das distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.
- Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas curriculares.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Consultar e obter información a través das TIC tanto en temas profesionais como de experiencias interesantes para actividades docentes.
- Utilizar as TIC como recurso fundamental para garantir a adquisición das competencias básicas do currículo.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.
- Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
- Poñer en marcha mecanismos para aproveitar as infraestructuras tecnolóxicas e favorecer a adquisición, por parte de nais e pais, dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.

4.2.-OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO

- Utilizar programas e entornos que faciliten a súa aprendizaxe e favorezan a adquisición de habilidades, destrezas e coñecementos.
- Potenciar a comunicación con outros compañeiros e compañeiras do seu entorno ou de fóra do seu entorno.
- Espertar o interese e darlle pautas para acceder á información precisa potenciando o seu razoamento e o seu afán de coñecemento.

- Empregar o ordenador como medio de creación, de integración, de potenciación de valores sociais e de expresión das ideas de cada quen.

4.3.-OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O PROFESORADO

- Utilizar as TIC como medio para perfeccionar a actividade docente a través do seu emprego, da información que delas poida sacar e do plantexamento pedagóxico que para elas teña.
- Empregar os ordenadores para o traballo cotián e as actividades de aula: programacións, actividades, controis, fichas...
- Saber consultar información a través do ordenador, tanto de temas profesionais: concursos, cursiños de formación, convocatorias..., como de temas interesantes cara a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades, e/ou participar en tertulias, debates e chats a través de Internet.
- Favorecer os foros, os intercambios de información, a participación na creación e valoración de páxinas web ou páxinas de información e debate do Centro e da Comunidade Educativa, para dar a coñecer as nosas inquedañas, ideas e alternativas.

4.4.-OBXECTIVOS PARA O CONXUNTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA

- Potenciar a comunicación coa Comunidade Educativa e o seu entorno a través da páxina web do Centro e o seu correo electrónico.
- Manterse informado de todo o que concirna a leis, ordes, decretos, información educativa e normativa, así como no referente a convocatorias, competencias e demais temas legislativos publicados a través da Xunta de Galicia, ou no BOE.
- Potenciar actividades de participación de toda a Comunidade Educativa: Xornal Escolar, Páxina web, Magosto, Festival de Nadal, Entroido, Festival das Letras Galegas...
- Intensificar o emprego das TIC coa finalidade de unificar todos os documentos do Centro e todas as informacións co mesmo formato, potenciando o correo electrónico como medio de contactar coas familias, ben como medio de notificación de incidencias ou como simple medio de comunicación vivo e activo.

5.-METODOLOXÍA NO TRABALLO COAS TIC

Traballar co ordenador supón unha preparación e unha planificación. Para isto ten que existir unha programación que, como todas, será todo o flexible posible e, consecuentemente, modificable cando sexa preciso para facilitarnos o traballo dun curso para outro permitíndonos manter unha liña e melloralala pouco a pouco. Como iso non é suficiente, farase preciso unha preparación das diferentes sesións de xeito máis concreto, o que afrontaremos de diferentes modos en función das dispoñibilidades e necesidades do centro e do profesor.

5.1.-ASPECTOS DE USO XERAL

- ✓ Concretar as ideas xerais a ter en conta para intervir co alumnado nos ordenadores.
- ✓ Concretar o punto de partida no uso da informática: como iniciar o emprego do rato, como introducir o teclado, onde empezar a inculcarlles a autonomía do emprego do ordenador (poñer en marcha, iniciar programas e pechalos, pechar o ordenador...).
- ✓ Establecer unhas pautas básicas de orde e limpeza do material e da aula de informática.
- ✓ Deberemos establecer as seguintes premisas básicas que poden ser a clave do éxito cando nos decidimos a manexar os ordenadores co alumnado:

5.1.1.-ANTES DE IR AO ORDENADOR

- ✓ Non ter presa e non ir de calquera xeito.
- ✓ Observar ben os programas e contidos que traballan.
- ✓ Coller confianza.
- ✓ Planificar a actividade.
- ✓ Prever as actividades a realizar.
- ✓ Planificar as sesións.
- ✓ Integrar o traballo con ordenadores dentro da programación do curso e dos contidos a traballar nel.
- ✓ Enmarcar o traballo informático, sempre que poidamos, dentro dunha actividades máis ampla.

5.1.2.-CO ORDENADOR

- ✓ Presenza directa do profesor: será maior canto máis pequenos sexan os alumnos.
- ✓ A clase estará máis dirixida e máis controlada canto máis pequenos.
- ✓ Pouco a pouco ir dando iniciativa e máis autonomía.
- ✓ Nas primeiras sesións perder tempo ao principio para:
Ordenador: encender, apagar, tapar, coidar...
Discos: posición correcta ao introducilos.
Teclear correctamente.
Emprego do rato e funcións dos botóns.
- ✓ Acudir á aula de informática con lápis e papel (é importante traballar tamén en papel). Como é lóxico, dependerá das idades do alumnado.
- ✓ Deixarlles o máis claro posible o que pretendemos xa sexa mediante explicacións iniciais e traballo posterior ou follas de traballo coa pormenorización do traballo que se vai facer.
- ✓ Acostumbrar ao alumnado, desde o principio, a respectar o material, recoller ao final de cada sesión e manter limpo o ordenador e os periféricos.

5.1.3.-DESPOIS DE EMPREGAR O ORDENADOR

- ✓ Algunha anotación: que fixemos, aspectos interesantes, modificacións para o seguinte día, problemas atopados, comentarios...

6.-ACTIVIDADES XERAIS

- ✓ Encender e apagar os ordenadores.
- ✓ Planificar as sesións de emprego da aula de informática por parte dos diferentes cursos.
- ✓ Fornecer recursos educativos aos diferentes niveis.
- ✓ Instalar e desinstalar os programas necesarios para cada sesión.
- ✓ Facilitar o uso cotián das ferramentas informáticas ao conxunto dos profesores do centro.

7.-ESTRATEGIAS DE COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO DAS DISTINTAS ÁREAS E NIVEIS.

7.1.-O COORDINADOR

A figura de alguén que coordine e motive o traballo coas TIC resulta obvia e necesaria.

O coordinador terá as seguintes misións:

- ✓ Ordenar o material e clasificalo.
- ✓ Realizar pequenos arranxos no hardware ou solicitar axuda á UAC.
- ✓ Supervisar a instalación, configuración e desinstalación do software educativo.
- ✓ Servir de enlace co asesor TIC.
- ✓ Estar ao día dos traballos doutros centros.
- ✓ Revisar e dar a coñecer aos compañeiros novos programas.
- ✓ Promover a realización de actividades intercentros.
- ✓ Planificar e organizar as actividades xerais.
- ✓ Motivar e facilitar o traballo dos demais compañeiros.

- ✓ Asesorar ao profesorado sobre materias curriculares en soportes multimedia, a súa utilización e estratexias de incorporación á programación didáctica.
- ✓ Participar nas reunións e debates en relación coas TIC.
- ✓ Axudar na elaboración de actividades para o alumnado.
- ✓ Realizar a análise das necesidades de formación, materiais curriculares e equipamento do centro en referencia ás tecnoloxías da información e a comunicación.
- ✓ Coordinar a elaboración e posta en práctica do plan para a integración das TIC no currículo das diferentes áreas.
- ✓ Elaborar propostas para a organización e xestión dos medios e recursos do centro, manténdoo operativos e actualizados.

8.-MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PLAN TIC

- ✓ Comunicación e presentación de proxectos que impliquen o uso das TIC no Centro.
- ✓ Realización das tarefas cotiás do Centro usando as TIC: promoción do uso do correo electrónico, publicación das actividades do centro na páxina web...
- ✓ Creación dun FACEBOOK do colexio como vía de información para as familias.

9.-PLAN DE AVALIACIÓN ANUAL

OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN

Coñecer a eficacia, grao de aplicación, participación, expectativas innovadoras xeradas, resultados reais dos logros acadados e dificultades detectadas ou superadas co desenvolvemento do Plan TIC.

INDICADORES PARA A AVALIACIÓN

- ✓ Plan de integración das TIC está contextualizado para cada nivel educativo.
- ✓ Tense en conta ao alumnado con necesidades educativas especiais, de accións compensatorias e superdotados.
- ✓ Todo o alumnado do centro participa do Plan sin discriminación de nivel educativo, proceso de maduración, dificultades de aprendizaxe, sexo ou calquera outro tipo de discriminación.
- ✓ Anualmente concrétanse as accións prioritarias do Plan, integrándose estas na PXA do Centro sendo coherentes coas liñas marcadas nas Concrecións Curriculares e no PEC.
- ✓ Contribúe á consecución dos obxectivos pedagóxicos de cada unha das áreas e ciclos así como ás adaptacións curriculares individualizadas, no seu caso.
- ✓ É considerado por todos e cada un dos sectores da Comunidades Educativa como un recurso didáctico que reforza a aprendizaxe, propicia a adquisición de novos coñecementos e facilita a comunicación e a interculturalidade.
- ✓ Na elaboración do Plan participa todo o profesorado do Centro.
- ✓ Conta co apoio do Claustro e do Consello Escolar.
- ✓ Esá aberto á Comunidade Educativa e á localidade.
- ✓ A xestión do Centro atópase informatizada.
- ✓ O Plan propicia un soporte básico para a comunicación, intercambio de información e experiencias e apertura do centro a novos entornos socioculturais.
- ✓ Favorece e estimula o intercambio escolar de experiencias e información con alumna do doutros centros.
- ✓ Propicia actitudes e valores de respecto aos contidos e formas de ser doutras comunidades educativas promovendo a tolerancia, a non discriminación e a interculturalidade.
- ✓ Fomenta no alumnado unha actitude crítica e reflexiva sobre os medios de comunicación de acordo ao nivel madurativo.
- ✓ Crearase un arquivo documental de software do mercado e un banco de datos sobre os recursos TIC do Centro.
- ✓ O Plan conta cunha persoa responsable xeral da coordinación do mesmo.
- ✓ O Plan conta cunha persoa responsable por cada equipo docente en primaria e ciclo en infantil da coordinación do mesmo, así como da xestión dos recursos.
- ✓ Grao de satisfacción do alumnado participante.
- ✓ Grao de participación e de satisfacción do profesorado implicado no Plan.
- ✓ Valoración por parte da Comunidade Educativa.

MOMENTOS E REVISIÓNS

- ✓ A revisión terá carácter trimestral e global a final de curso.
- ✓ Revisaranse os obxectivos, os procedementos, a competencia específica, as susceptibilidades de mellora...
- ✓ Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

ANEXO IV

PLAN ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. INTRODUCCIÓN

1.1. MARCO CONCEPTUAL

A orientación psicopedagóxica é un proceso de axuda e acompañamento en todos os aspectos do desenrolo do alumno para potenciar a prevención e o desenvolvemento integral da súa personalidade. Inclúe unha serie de áreas de intervención como os procesos de ensino-aprendizaxe, a atención á diversidade, a prevención e desenrolo persoal e a orientación profesional.

Entre os axentes da orientación están o orientador, os titores, o profesorado, as familias, os axentes sociais, etc.

A orientación educativa inclúe a toda a poboación escolar. Partimos do modelo teórico “sociopsicopedagóxico”, que sitúa prioritariamente o problema nas características do contexto de interacción e non no alumno como única fonte das dificultades (o modelo clínico).

1.2. FUNCÍONS DO DEPARTAMENTO

Destacamos as seguintes:

1. Orientación educativa ao alumnado.
2. Desenvolver actuacións de atención á diversidade.
3. Colaboración e asesoramento aos titores para desenvolver a función de tutoría.

4. Intervención en decisións sobre a avaliación e promoción dos alumnos que participan en programas de adaptación individualizada.
5. Impulsar a cooperación entre o centro e as familias.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

No CEIP A Laxe está escolarizado un alumnado con idades comprendidas entre os 3 e os 11 anos, procedente da mesma área xeográfica.

As etapas educativas que se imparten son: 2º Ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria.

Algunhas das necesidades educativas detectadas están relacionadas cun ambiente social pouco motivador para os estudos.

A xefa do Departamento de Orientación estará dous días semanal para a atención ao noso centro. O seu centro base será CEIP Juan Lángara.

Composición do departamento de orientación

- Mestra de pedagogía terapéutica:
 - Patricia Mª Cons Formoso
- Mestra de audición e linguaxe:
 - Sabela Casal Sánchez
- Xefe de Departamento:
 - Mª Elisa Martínez Palacios

3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A intervención do departamento de orientación está basicamente centrada en dous ámbitos interrelacionados: apoio ao proceso de ensino aprendizaxe e ao plan de acción tutorial.

3.1. APOIO AO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE

3.1.1. INTERVENCIÓN CO ALUMNADO (PEDAGOXÍA TERÁPEUTICA)

Para atender as NEAE do alumnado de Infantil e Primaria, contamos cunha especialista de PT e unha especialista en AL itinerante e levaranse a cabo apoios periódicos por parte dos seguintes mestres/as:

Lydia Abuín Cartelle
Carolina Del Río Díaz
Begoña Salido Yáñez

Tamén imparten a súa especialidade:

- ✓ Lidia Abuín Cartatamil
 - ✓ Begoña Salido Yáñez
- Educación Física e Psicomotricidade.
Filoloxía Inglesa

✓ María Paz López

Música

No momento actual os alumnos atendidos por Patricia M^a Cons Formoso, profesora de PT, son os seguintes:

Nivel	alumnado	sesións
Ed. Infantil	1	2
1º Ed. Primaria	3	3
2º Ed. Primaria	1	2
3º Ed. Primaria	3	7
4º Ed. Primaria	1	3

No momento actual os alumnos atendidos por Sabela Casal Sánchez, profesora de AL, son os seguintes:

Nivel	alumnado	sesións
Ed. Infantil	1	2
1º Ed. Primaria	3	2
2º Ed. Primaria	1	2
3º e 4º Ed. Primaria	4	2
5º e 6º Ed. Primaria	3	2

A relación do alumnado atendido poderá ser modificada en función das orientacións do departamento, en vista da información obtida do seguimento dos alumnos e a avaliación das competencias curriculares dos mesmos.

Os agrupamentos teñen un carácter flexible e aberto e están suxeitos a revisións periódicas co fin de adecuarse o máis posible ós obxectivos propostos.

Respecto ao currículo, o alumno que segue unha AC teñen como referente os obxectivos e contidos que nela se indican para cada área. Nos que non a teñen elaborada, os apoios céntranse basicamente nas áreas instrumentais: matemáticas e linguas, sen prexuízo doutras áreas deficitarias como atención, aspectos conductuais, etc.

Para cada alumno establecerase un programa de apoio onde se traballarán as áreas necesarias.

Os apoios desenvolveranse buscando sempre a situación máis normalizadora para o discente. Nos casos en que sexa preciso, os alumnos abandonarán a aula ordinaria durante períodos de

tempo predeterminados e acordados para recibir atención individualizada ou en pequenos grupos dentro da aula de apoio.

3.1.2. INTERVENCIÓN CO ALUMNADO (ORIENTADOR)

- Prevención, detección e tratamento das dificultades de aprendizaxe. Avaliación psicopedagóxica.
- Organizar os reforzos pedagóxicos aos alumnos que o necesiten.
- Colaboración na realización de:
 - Adaptacións curriculares.
 - Informes psicopedagóxicos.
 - Grupos de apoio.
 - Apoios en aula ordinaria...

3.2. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O departamento de orientación colabora coa dirección en:

- Reunións do equipo educativo (avaliacións, reunións extraordinarias,...).
- Revisión ou modificación, se procede, do Plan de Acción Titorial.
- Organización e funcionamento das titorías.
- Posibilitar a coordinación entre os titores/as dun mesmo nivel, ciclo e etapa.

Co profesorado e cos titores :

- Deseño e desenvolvemento da Programación Titorial.
- Elaboración dun programa básico de habilidades sociais de carácter xeral.
- Seguimento do proceso de ensino aprendizaxe.
- Proporcionar técnicas e instrumentos para o desenvolvemento de esta acción titorial: guías e escalas de observación, técnicas e hábitos de estudo, asesoramento nas relacións coas familias,...
- Complementar, se é o caso, a intervención do titor/a cos pais dun determinado alumno/a.

Co alumnado:

- Atención individualizada a todos os alumnos que o requiran.

Coas familias:

- Cooperar na relación titores-familias para a solución de problemas que afectan aos seus fillos.
- Propoñer actuacións que promovan unha maior participación e implicación das familias na vida do Centro e na educación das súas fillas e fillos.
- Colaborar en actividades formativas dirixidas aos pais.

Con outras institucións: Concello, Centro de Saúde Mental Infantil, EOE, Servizos Sociais...

- Facilitar a realización de actividades ou programas tendentes tanto ao desenvolvemento persoal como social e cognitivo do alumnado.
- Seguimento de alumnos con tratamento psicolóxico.
- Derivación dos casos precisos ao servizo de atención temperá .
- Informar ante situacións concretas aos Servizos Sociais do Concello e solicitarlle información cando se considere preciso.

4. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS E CONCRECIÓN DOS MESMO

O obxectivo central é a integración completa, social e escolar, de todo o alumnado que o precise, no menor tempo posible.

Entre os obxectivos xerais se contemplan os seguintes:

- A estimulación do pensamento e formación de condutas e hábitos sociais, partindo da realidade física e social máis próxima ao alumno.
- Iniciación ao dominio das técnicas instrumentais básicas: linguaxe oral, lectoescritura e conceptos matemáticos.
- Posibilitar a integración social e educativa, potenciando actitudes de aceptación e respecto en todo o alumnado.
- Incorporación dos diferentes valores que aportan as culturas existentes no Centro, tendo como referencia o Proxecto Educativo.
- Ofrecer ao alumnado con necesidades educativas especiais unha resposta educativa axeitada e de calidade que lle facilite acadar os obxectivos mínimos da Educación Primaria.
- Impulsar a colaboración e coordinación do Centro con outras Institucións e asociacións.
- Promover a formación do profesorado en temas relacionados coa atención á diversidade.
- Fomentar a participación do alumnado e as súas familias na vida do Centro tanto en actividades complementarias, extraescolares.
- Guiar a concreción de criterios para priorizar a resposta educativa á diversidade dentro da aula (medidas de adaptación curricular e de flexibilización organizativa) ou de forma

complementaria fóra da aula (a través da acción coordinada do departamento de orientación, acción tutorial, profesorado, titor, e profesorado especialista).

4.1. CONTIDOS

Os contidos dos plans de traballo de cada alumno serán, na medida do posible, os correspondentes ao seu grupo de referencia. No caso de ter unha ACI significativa, serán os indicados nela, procurando que teñan a maior relación posible coas actividades da aula na que está integrado.

4.2. ACTIVIDADES

Proporanse actividades significativas, repetitivas, con elementos motivadores e, sobre todo, abordando as necesidades do alumnado para favorecer a consecución dos obxectivos, é dicir, na aula de PT non traballaremos os mesmos contidos nin actividades que na aula, senón aquelas que o alumno/a precise reforzar para poder chegar a acadar os mesmos obxectivos que os compañeiros da aula de referencia.

4.3. METODOLOXÍA

Para facilitar o acceso ao currículo deste alumnado teranse en conta os seguintes puntos:

- Gradación na dificultade das tarefas propostas.
- Asignación de distintos tempos para a realización das tarefas.
- Presentación da información nova polo maior número de canles posibles, relacionando as novas aprendizaxes cos coñecementos previos.
- Secuenciación das aprendizaxes propostas.
- Introducción de reforzadores sociais.
- Utilizar situacións significativas e motivadoras para a introdución das novas aprendizaxes.
- Fomentar o traballo cooperativo
- Presentar os materiais e/ou a información de forma concreta.

4.4. AVALIACIÓN

Teranse en conta os obxectivos de etapa así como os contidos e criterios de avaliación que están contextualizados ao centro e aos alumnos, e secuenciados por cursos nas Programacións Didácticas.

A avaliación dos alumnos con AC farase en función dos criterios individualizados establecidos nela, aínda que para efectos de promoción o referente será o dos obxectivos de etapa.

A avaliación dos nenos con NEAE realizarase conxuntamente polos titores e especialistas, a mestra de PT e a orientadora do centro. A periodicidade será dunha vez ao trimestre, buscando fórmulas de integración o máis ordinarias posibles. Ao remate do curso, farase unha avaliación final, que analice se a AC debe adaptarse, pode continuarse ou debe facerse unha nova.

5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS E ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.

5.1. RELACIONADAS COA INCLUSIÓN E A DIVERSIDADE

- Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do proxecto educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción tutorial.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumna ou alumno.
- Asesorar aos equipos docentes e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso, das medidas de reforzo educativo e nas adaptación curriculares.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

5.2. RELACIONADAS COA ACCIÓN TITORIAL

- Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no plan de acción tutorial (PAT), asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e no goberno dos centros.
- Colaborar cos diferentes equipos docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

5.3. RELACIONADAS COA CONVIVENCIA E COA EDUCACIÓN EN VALORES

- Diseñar programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica dos conflitos, asesorando na elaboración do plan de convivencia do centro.
- Asesorar á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento.

5.4. RELACIONADAS COA PROGRAMACIÓN XERAL E COA MEMORIA ANUAL

- Manter actualizado o plan.
 - Realizar a memoria final.

5.5. RELACIONADAS COS PROCESOS DE AVALIACIÓN E CALIDADE

- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro.
 - Asesorar á totalidade da comunidade educativa sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.

5.6. RELACIONADAS CO DRORIENTA

- Facilitar, en forma e prazo, a información que se demanda na aplicación informática drdororienta.

6. ORGANIZACIÓN, ELABORACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE RECURSOS

- Disporanse espazos para dar respostas axeitadas ás diferentes situacións de aprendizaxe que permita o emprego flexible dos mesmos.
- Considerarase a flexibilidade de horarios, consensuados co Claustro, para que sexan respectados todos os profesionais.
- Confeccionaranse uns modelos de fichas para o seguimento do alumnado, por parte do titor.
- Favorecerase a transmisión dos datos dun profesor a outro e aos demais profesionais involucrados.
- Disporase dos servizos de apoio cando sexan requeridos.
- Estableceranse as liñas xerais para a elaboración dun Plan de Acción Titorial que permita o seguimento personalizado de cada alumno con NEAE.
- Disporase de material variado e asequible para os alumnos con NEAE.

7. CONCRECIÓN TEMPORALIZADA DAS ACCIÓNS DOS DISTINTOS

PROFESIONAIS

7.1. PRIMEIRO TRIMESTRE

- Reunión inicial: coordinación do profesorado que atende aos alumnos con necesidades educativas especiais para establecer as sesións de apoio e reforzo.
- Ao comenzo de curso programaranse reunións entre mestres titores que tivesen alumnos con necesidades educativas o curso pasado e os seus novos titores. Estas reunións terán como finalidade compartir información significativa sobre dito alumnado.
- Elaboración e/ou modificación de AC por parte dos titores co asesoramento dos membros do Departamento.
- Asignación de apoios ao profesorado con horario dispoñible.
- Reunións entre profesorado que imparta reforzo educativo e os titores para programar o reforzo.
- Asistencia ás sesións de avaliación para enviar información ás familias.

7.2. SEGUNDO TRIMESTRE

- Seguimento de AC.
 - Reunións entre o profesorado que imparte reforzo e os titores.
 - Asistencia ás sesións de avaliación para enviar información ás familias.

7.3. TERCEIRO TRIMESTRE

- Avaliación de AC.
 - Reunións entre o profesorado que imparte reforzo e os titores.
 - Asistencia ás sesións de avaliación para enviar información ás familias.
 - Ao finalizar o curso cada titor fará unha relación de alumnos susceptibles de necesitar reforzo educativo. Engadirase a dita relación o alumnado repetidor e os que pasen de curso con materias pendentes.
 - Os membros do Departamento elaborarán unha memoria final de curso para incluír na memoria xeral.

7.4. AO LONGO DO CURSO

- Revisión e seguimento das AC e reforzos.
- Asesoramento na realización de AC e na preparación de actividades de estimulación e reforzo.
- Detección de alumnado con necesidades.
- Información, charlas e entrevistas coas familias.
- Participación na CCP e nos temas e proxectos que delas deriven.
- Seguimento do Plan de Acción Titorial e das medidas de atención á diversidade.
- Colaboración con outras institucións que incidan no proceso educativo de determinados alumnos (asistente social).

8. MECANISMOS INTERNOS E COLABORACIÓN

8.1. INTERNOS

- Elaborar un programa básico de habilidades sociais con carácter xeral.
- Colaborar co profesorado e cos equipos docentes na pronta detección das posibles necesidades educativas para establecer a resposta máis axeitada.
- Participar na Comisión de Coordinación Pedagóxica, especialmente en aspectos psicopedagóxicos e metodolóxicos.
- Fomentar a coordinación e colaboración entre os distintos profesores e profesoras que interveñen cun grupo de alumnos/as.
- Colaboración na elaboración do Plan de Convivencia.
- Asesoramento aos equipos docentes e ao directivo en temas de avaliación e promoción.
- Participación nas sesións de avaliación e reunións do equipos docentes.

8.2. EXTERNOS

8.2.1. CO CENTRO DE ADSCRICIÓN

- Manteremos reunións informativas periódicas así como as que temos, asiduamente a final de curso de cara a informar pormenorizadamente ao equipo docente de secundaria que vai facerse cargo do alumnado procedente do noso centro.

8.2.2. COAS FAMILIAS

- Orientacións sobre os alumnos con necesidades educativas específicas.
- Cooperar na relación titores-familia.
- Coordinar a actuación con axentes externos: Equipo Específico de Orientación, Servizos Sociosanitarios do Concello, Servizos Sociais...

9. PROTOCOLO PARA SOLICITAR MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultares estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación. Na nosa tipoloxía de centro escolar, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade:

- As Adaptacións Curriculares.
- Os agrupamentos flexibles.
- O apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.
- A flexibilización da duración do período de escolarización, que require:
 - Informe psicopedagóxico que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo departamento de orientación do centro de adscripción.
 - Conformidade expresa do pai do alumno.
 - Proposta de adaptación do currículo.
 - Informe da Inspección Educativa.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

Avaliaranse o proceso e os resultados acadados: obxectivos conseguidos, adecuación das actividades, resultados e posta en marcha, implicación dos titores, profesores, alumnos, pais e o departamento de orientación.

Ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación elaborará a memoria do Plan, e establecerá, de ser o caso, as propostas de mellora que se consideren pertinentes. Esta memoria incorporárase á memoria do Departamento e, en consecuencia, á memoria anual do centro.

A XEFA DE DEPARTAMENTO

Asdo: M^a Elisa Martínez Palacios

ANEXO V

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

1.- INTRODUCCIÓN

1.1.- SUPOSTOS TEÓRICOS BÁSICOS

A tutoría é a acción orientadora levada a cabo polo titor ou titora e polo resto do profesorado. Intenta aglutinar o instrutivo e o educativo para lograr a formación integral da persoa. Desde esta perspectiva, incorpora os elementos que van máis aló do puramente académico e que poden axudar ao desenvolvemento de proxectos de vida máis autónomos e responsables.

O conxunto de docentes que interveñen co grupo de alumnos, coordinados polo titor ou titora do grupo, exerce a acción tutorial. Corresponde á Xefatura de Estudos coordinar e dirixir a acción dos titores e titoras coa colaboración do Departamento de Orientación.

Enténdese a orientación como parte esencial da educación. Sen orientación, a educación quedaría reducida a mera instrución. Orientar é educar para a vida, asesorar sobre opcións e alternativas, desenvolver habilidades (toma de decisións, estratexias de aprendizaxe autónoma, habilidades sociais, etc.); proporcionar unha atención á diversidade, o que implica, entre outros aspectos, un esforzo e apoio educativo ó alumnado con NEAE.

A lexislación actual determina que cada grupo de alumnos ten que ter un titor ou titora no que recaen as tarefas de orientación e apoio do alumno ou alumna como grupo e individualmente. En base a isto, resáltase neste plan a figura do Profesor/a titor/a. O impulso a todo o proceso de elaboración correu a cargo do Departamento de Orientación e a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

A tutoría puntual ou conxunto de actividades que vai levar a cabo o/a profesor/a titor/a, responsable da clase deberá adecuarse á programación previamente consensuada entre os diferentes profesores de curso ou etapa e a xefatura de estudos. Isto supón a posibilidade de desenvolver este plan a través de programas específicos para cada curso académico, que se concretarán na Programación Xeral Anual.

O Plan proporciona os elementos que posibiliten determinadas estratexias de actuación sistemática, a coordinación dos axentes que interveñen, actividades específicas para lograr o bo funcionamento das tutorías nos tres ámbitos: alumnado, profesorado, pais e nais.

Como principios básicos da orientación sinalamos os seguintes:

1. Non é unha tarefa puntual, senón un proceso de axuda continuo e sistemático a todo o alumnado e en tódolos aspectos: educativos, vocacionais, persoais,...
2. Asumida en equipo. Implica aos diferentes axentes educativos (titores, orientador, profesorado en xeral) e sociais (familia, profesionais específicos, etc.)
3. Por énfase na prevención e no desenvolvemento (persoal, social e da carreira), prestando especial consideración á atención á diversidade.
4. É unha parte inherente do proceso educativo e, polo tanto, da función docente.
5. Ten en conta non só as características psicolóxicas do alumnado, senón o contexto no que se desenvolve: familiar, educativo e social.

1.2.- MARCO LEGAL

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación.
- Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria a nivel estatal.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria.
- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa a educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

1.3.- CONCEPTO DO PAT

É o marco que recolle e regula a planificación e organización da acción tutorial que realizará o profesorado do Centro, e de modo particular, os titores. É ao mesmo tempo un programa de orientación educativa e un documento institucional, esixido pola Consellería de Educación.

1.4.- LIÑAS DE ACCIÓN TUTORIAL

Apuntan a aspectos básicos que deben estar presentes no desenvolvemento integral da persoa e que inclúen e transcenden aos propios obxectivos e contidos de cada área.

Os principios educativos aos que debe tender toda acción educativa e, polo tanto, a acción tutorial, resúmense en :

Ensinar a ser persoa: identidade e autonomía.- Preténdese o desenvolvemento harmónico da identidade persoal do alumno e o logro dunha imaxe positiva de si mesmo e duns sentimentos de autoestima e autoconfianza.

Ensinar a convivir e comportarse.- Aínda máis polo modo en que se convive na aula e no centro que pola instrución explícita.

Ensinar a pensar.- O obxectivo é que o alumno chegue a ser capaz de aprender a aprender e a ter un control interno das estratexias que emprega (metacognición).

Esquecer estas liñas de actuación deixaría sen sentido o traballo que o profesorado realiza, pois a persoa é máis importante que acabar un programa ou que impartir contidos.

1.5. PRINCIPIOS PSICOPEDAGÓXICOS

A acción tutorial considérase intrínsecamente vinculada á docente como conxunto de accións articuladas en torno a esta e que pretenden contribuir á consecución dos grandes fins da educación e por elo ós obxectivos de cada etapa.

O noso plan guíase polos seguintes principios:

- ✓ Personalización: edúcase á persoa como tal, para o desenvolvemento da personalidade de cada quen.

- ✓ Individualización: edúcase a persoas concretas, con características individuais, que se deben respectar, aproveitar e enriquecer, non a abstraccións ou a colectivos.
- ✓ Integración: edúcase á persoa, integrando os diferentes ámbitos de desenvolvemento e as liñas educativas; en contraposición á parcelación educativa ou dos coñecementos.
- ✓ Diversificación: edúcase axustando a ensinanza ás necesidades educativas dos alumnos mediante as oportunas adaptacións curriculares, metodolóxicas e de acceso, adecuando a escola ao alumno, ás súas características, coas súas aptitudes, intereses e motivacións diferenciais.
- ✓ Tutoría, orientación e intervención psicopedagóxica integran o currículo, como oferta educativa dirixida a todos os aspectos da aprendizaxe e á maduración da personalidade do alumnado.

2.- O CONTEXTO. ANÁLISE DE NECESIDADES

O CEIP “ A Laxe” atende a alumnado de entre 3 e 12 anos, procedente da mesma área xeográfica: unha zona costeira con actividades agrícolas e gandeiras pero na que aparecen outras formas económicas.

As necesidades educativas detectadas están moi relacionadas cos seguintes feitos:

a) En xeral o ambiente familiar é pouco motivador para os estudos : case non hai hábito de lectura e non é habitual a adquisición de xornais, revistas ou libros ; asistir a actos culturais . En consecuencia, os nenos e nenas chegan ao centro cun vocabulario moi pobre e con baixas expectativas escolares, aínda que hai algunhas excepcións.

b) A dispersión da poboación. Esta situación dificulta o contacto e a relación co grupo de iguais, influíndo negativamente no dominio da linguaxe e no desenvolvemento das capacidades persoais e de interacción social.

c) É necesario aumentar a implicación dos pais e nais no proceso educativo dos seus fillos, implicación que se vai reducindo a medida que os alumnos ascenden de etapa educativa.

A partir das demandas expresadas polo centro e dos déficits detectados polo departamento de orientación, a necesidade principal pode concretarse nos seguintes puntos:

-  Necesidade de aumentar a coordinación no tránsito da Educación Infantil a Primaria.

- Necesidade de aumentar a coordinación no tránsito da Educación Primaria a Educación Secundaria.

3.- DECISIONS ORGANIZATIVAS A NIVEL DE CENTRO

3.1.- TITORES

A designación de titores e as súas funcións están reguladas polo ROC de Educación Infantil e Primaria.

3.2.- HORARIOS

A dedicación horaria da función titorial será realizada de forma integrada no proceso de ensino-aprendizaxe.

3.3.- COORDINACIÓN ENTRE TITORES DO MESMO CICLO EN INFANTIL E NIVEL EN PRIMARIA

- A acción titorial non se pode levar adiante de forma illada, senón que necesita da reflexión conxunta da tarefa e da busca de respostas e de resolución dos conflitos que habitualmente se dan nos grupos de niveis semellantes.

Non é suficiente para isto a xunta de avaliación trimestral, nin as reunións puntuais para dar resposta ás problemáticas xurdidas no grupo. Para o deseño, desenvolvemento e seguimento do PAT, a Xefatura de Estudos promoverá a celebracións de reunións de titores.

3.4.- HORARIO DAS REUNIÓN DE TITORES: PERIODICIDADE

Nivel	DÍA E HORA DE COORDINACIÓN DE TITORES
Todos os cursos	Un martes ao mes de 16,30 a 17,30 horas.

4.- DESEÑO DA PROGRAMACIÓN

4.1.- OBXECTIVOS XERAIS

- Impulsar o desenvolvemento psicosocial dos alumnos e alumnas.
- Favorecer os procesos de ensino/aprendizaxe.
- Coordinar a acción educativa do Equipo Docente.

- Orientar aos pais e nais no seu labor educativo.

4.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os anteriores obxectivos xerais están especificados para cada ciclo ou curso.

4.3.- PLAN DE ACTIVIDADES

A planificación de actividades establécese en función do ciclo ou curso.

Consideramos dous ámbitos dentro do labor tutorial: o ámbito de seguimento individual e o ámbito de acción grupal. Detállanse a continuación as intervencións de seguimento individual, as de ámbito grupal están indicadas na programación de cada etapa.

Intervencións para o seguimento individual do alumno ou alumna:

Primeiro trimestre	Segundo trimestre	Terceiro trimestre
<u>Alumnos:</u> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Avaliación inicial ➤ Entrevistas co alumno: <ul style="list-style-type: none"> ➤ De coñecemento ➤ De seguimento <u>Profesorado:</u> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Reunión da xunta de profesores. Avaliación inicial ➤ 1ª avaliación: presentación de hipóteses e posibles estratexias de traballo <u>Pais e nais:</u>	<u>Alumnos</u> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Seguimento do proceso ➤ Entrevistas co alumno: <ul style="list-style-type: none"> ➤ De seguimento <u>Profesorado:</u> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Reunión da xunta de profesores ➤ 2ª avaliación: revisión do proceso <u>Pais e nais:</u> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Entrevista cos pais se é 	<u>Alumnos:</u> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Seguimento do proceso ➤ Entrevistas co alumno: <ul style="list-style-type: none"> ➤ De seguimento <u>Profesorado:</u> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Reunión da xunta de profesores ➤ 3ª avaliación ➤ Informe final de curso. <u>Pais e nais:</u> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Entrevista cos pais se é

➤ Entrevista inicial cos pais	necesario	necesario.
--	------------------	-------------------

4.4.- ASPECTOS METODOLÓXICOS

Indicados para cada etapa educativa.

4.5.- AVALIACIÓN

A avaliación do PAT, en cada unha das etapas, levarase a cabo en dous momentos claramente diferenciados:

Os titores e o departamento de Orientación realizarán unha avaliación continua durante a posta en marcha das actividades, permitindo a modificación das que resulten inadecuadas.

Por outra parte, realizarase unha avaliación final ao acabar o curso.

5.- DESEÑO DA PROGRAMACIÓN POR ETAPAS

5.1.- EDUCACIÓN INFANTIL

Na Educación Infantil a acción titorial está concebida como unha parte integrante da acción educativa global e, polo tanto, integradora da personalidade infantil. Aínda que nesta etapa se fai máis evidente que en calquera outro tramo educativo a conexión entre a función docente e a función titorial do profesorado.

5.1.1.- Obxectivos prioritarios desta etapa

- Coordinar as actividades educativas familia-centro.
- Fomentar a participación das familias nas actividades do centro.
- Impulsar a integración do alumno no centro e na aula.
- Impulsar o desenvolvemento psicosocial dos alumnos e alumnas.
- Potenciar e desenvolver a comprensión e expresión oral.

5.1.2.- Núcleos de contidos

- A acollida e integración dos alumnos e alumnas no centro.

- O desenvolvemento persoal e a adaptación escolar.
- A adquisición de hábitos de hixiene, de traballo, de comunicación, de convivencia.
- A socialización.
- Os aspectos de organización e funcionamento do grupo clase.
- A interiorización das aprendizaxes básicas da etapa.
- A integración e participación da familia na escola.
- As tarefas de avaliación.

5.1.3.- PLAN DE ACTIVIDADES

Hai que ter presente que o PAT é un proceso aberto, atendendo ás características de cada grupo e ás necesidades que poidan xurdir ao longo do curso.

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Coordinación familia-centro (recepción de alumnos)	Actividades de acollida: <ul style="list-style-type: none"> ➤ Reunión cos pais e nais para mutuo coñecemento e información sobre as características do Centro e da etapa educativa. ➤ Entrevistas estruturadas para ter maior información sobre os alumnos e a familia. ➤ Información sobre a necesaria e progresiva autonomía dos alumnos, hábitos de hixiene, comida, xogo, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Entrevistas ➤ Cuestionarios ➤ Guías reunións ➤ Cartas 	Ao comezo do curso (setembro-outubro).

Fomentar a integración do alumno na aula e no Centro	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Xogos de presentación, coñecemento, comunicación, cooperación, distensión,... ➤ Actividades grupais na clase e no recreo ➤ Favorecer a expresión oral. 	Material necesario para os xogos e as actividades grupais.	Ao longo de todo o curso
Participación das familias nas tarefas do centro	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Reunións periódicas sobre hábitos de comida, sono, xogo, saúde, etc. ➤ Contacto periódico coas actividades da aula. ➤ Reunións periódicas para informar e valorar a evolución dos alumnos 	<p>Modelo guión sobre actitudes, actividades e contidos a tratar.</p> <p>Modelo de boletín informativo para as familias</p>	Ao longo de todo o curso.
Orientar á familia no seu labor educativo	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Contacto máis continuado coas familias de alumnos con n.e.e. ➤ Participación dos pais e nais en actividades extraescolares: excursións, saídas, festas,... 	Guión sobre os asuntos a tratar	Ao longo de todo o curso.

<p>Impulsar o desenvolvemento psicolóxico dos alumnos e alumnas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Actividades de visitas a institucións, tendas, lugares públicos,... da localidade, en colaboración coas familias. ➤ Programa de desenvolvemento de habilidades sociais (de autonomía, de interacción social, de autoafirmación, de expresión de emocións, de interacción no xogo, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Materiais para o programa de habilidades sociais. ➤ Xogos libres ➤ Técnicas de observación e rexistro de condutas . 	<p>Acordar coas familias as actividades de visitas.</p> <p>Ao longo de todo o curso.</p>
<p>Potenciar e desenvolver a comprensión e expresión oral (vocabulario e articulación)</p>	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Actividades grupais na clase e nos recreos ➤ Actividades de expresión oral libre con actuación mediada. ➤ Actividades grupais con escenificacións, murais,... ➤ Biblioteca de aula : poesías, cancións, trabalinguas, diálogos, dramatizacións, análise de láminas e de imaxes 	<p>Xogos grupais Actividades de clase e outras.</p>	<p>Diaria, durante todo o curso</p>

Potenciar e desenvolver a comprensión e expresión oral (vocabulario e articulación)	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Actividades grupais na clase e nos recreos ➤ Actividades de expresión oral libre con actuación mediada. ➤ Actividades grupais con escenificacións, murais,... ➤ Biblioteca de aula : poesías, cancións, trabalinguas, diálogos, dramatizacións, análise de láminas e de imaxes 	Xogos grupais Actividades de clase e outras.	Diaria, durante todo o curso
Coordinar a acción educativa do equipo docente	<p>Coordinación dos profesores que actúan co grupo.</p> <p>Coordinación cos profesores de PT, AL e Departamento de Orientación</p>		

5.1.4.- ASPECTOS METODOLÓXICOS A DESTACAR

A Educación Infantil posúe un carácter esencialmente global e aparece organizada no currículo en grandes áreas de experiencia. A titoría realízase de forma integrada no proceso de ensino-aprendizaxe.

A estratexia básica de intervención dos titores consistirá en poñer o acento na relación co entorno familiar, coordinando a súa actuación coa educación que leva a cabo a familia.

O primeiro obxectivo debe ser converter a aula nun lugar de seguridade, no que o neno ou a nena se sinta ben recibido e acollido, o que posibilitará a creación do clima axeitado para que poida explorar, investigar e desenvolverse adecuadamente.

A intervención pedagóxica debe ser personalizada respectando a individualidade de cada alumno, o seu ritmo de aprendizaxe e o seu nivel de desenvolvemento, organizando o ambiente educativo de xeito que responda ás necesidades dos alumnos.

A acción titorial debe dirixirse a prever e correxir as posibles deficiencias no desenvolvemento persoal do alumnado.

5.2.- EDUCACIÓN PRIMARIA

5.2.1.- OBXECTIVOS PRIORITARIOS DESTA ETAPA

Dado que é unha etapa de duración longa, hai uns obxectivos que son prioritarios nuns cursos e non noutros. Así, a aprendizaxe da lectoescritura é obxectivo básico en primeiro e segundo de primaria, mentres que a orientación vocacional ou a elaboración dun plan de traballo persoal ten moita máis importancia en quinto e sexto.

A coordinación coa familia é fundamental durante toda a etapa, pero nos primeiros cursos adquire, se cabe, maior importancia, como sucede na Educación Infantil.

Impulsar o desenvolvemento psicosocial e optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe son obxectivos prioritarios en todos os cursos da etapa.

Coordinar o proceso de avaliación dos diferentes profesores que integran o equipo docente.

Asesorar e coordinar as sesións de avaliación.

Decidir, tendo en conta os informes dos outros profesores do grupo de alumnos, a promoción dos alumnos, respectando a lexislación vixente.

5.2.2- NÚCLEOS DE CONTIDOS

➤ Acollida e integración dos alumnos.

- Organización e funcionamento do grupo-clase. Valorar as características e necesidades do grupo de alumnos.
- Realizar un seguimento individualizado do proceso escolar dos alumnos. Actividades de intervención en relación coas n.e.e. detectadas.
- Actividades relacionadas coa avaliación.
- Adquisición e mellora de hábitos de traballo.
- Estratexias para a acción tutorial: técnicas de dinámica de grupos, observación sistemática, o clima da clase, ...
- Participación das familias.
- Desenvolvemento persoal.
- Habilidades de interacción social.
- Coordinar a intervención educativa dos equipos docentes.

5.2.3.- PLAN DE ACTIVIDADES

O PAT é un proceso aberto, atendendo ás características de cada grupo e ás necesidades que poidan ir xurdindo ao longo do curso.

Na relación de actividades que se expoñen a continuación, hai unha serie delas que teñen carácter fixo, como é a elección de delegados, e outras que teñen un carácter aberto.

PRIMEIRO TRIMESTRE

ACTIVIDADES	RECURSOS
<p>Actividades de acollida. Coñecemento do centro escolar (a) dependencias e servizos; b) estrutura organizativa ;c) a aula: espazos, materiais). Reunión informativa coas nais e pais. Recollida de información sobre os alumnos (datos e características rsoais,dificultades de adaptación e de aprendizaxe...).</p>	<p>Guión presentación. Xogos de presentación, coñecemento... Organigrama do Centro. Modelo de horario. Modelo de guiión da reunión. Modelo de cuestionario, escalas de observación, etc.</p>

ACTIVIDADES	RECURSOS
<p>Actividades de coñecemento, organización</p>	

<p>do grupo-clase e convivencia. A organización e funcionamento do grupo (cargos, traballo en grupo, normas de clase, formación de equipos de traballo...) Actividades para fomentar a participación activa dos alumnos na vida do Centro Organización de actividades da clase: Magosto, Nadal, saídas culturais, ... Participación nas actividades xerais do centro (revista, saídas).</p>	<p>Materiais para debate sobre as funcións dos delegados, dereitos e deberes dos alumnos, ...</p> <p>Modelos de sociogramas, cuestionarios, etc.</p> <p>Traballo en equipo, debates,...</p>
<p>Actividades de intervención en relación coas NEAE detectadas As propias dun programa de aprendizaxe das técnicas instrumentais básicas (lectoras por ex.). Propostas de reforzo educativo, ACI, etc. Elaboración do plan de traballo persoal. Valoración dos hábitos de estudo e do grao de adquisición das técnicas instrumentais básicas Elaboración dun plan de traballo persoal: proporcionarlles pautas de planificación e de organización do tempo de estudo.</p>	<p>Cuestionario de hábitos de estudo Observación sistemática. Valoración psicopedagóxica se fose necesaria.</p> <p>Valoración do dominio das técnicas instrumentais básicas. Materiais de axuda para a elaboración do plan persoal.</p>
<p>Actividades relacionadas coa avaliación. Avaliación conxunta da marcha da clase cos alumnos, tanto semanal (formativa) como sumativa (trimestral). Reunión de avaliación co equipo docente. Burocracia da avaliación. Comunicación dos resultados da avaliación ós pais e nais.</p>	<p>Modelo de guión a seguir na reunión cos alumnos.</p> <p>Modelo de guión a seguir na reunión.</p> <p>Modelo de boletín para comunicar os resultados.</p>
<p>Participación das familias. Entrevistas con pais e nais. Actividades para implicalas en actividades de reforzo cos alumnos.</p>	<p>Reunión xeral de inicio de curso. Horas de recepción de pais e nais. Modelos de preparación e rexistro das entrevistas.</p>

2º TRIMESTRE

ACTIVIDADES	RECURSOS
<p>Actividades relacionadas cos resultados da avaliación. Asemblea para analizar os resultados da 1ª avaliación. Posta en marcha dos cambios nos programas en relación cos resultados da avaliación a nivel grupo. Establecemento de medidas de reforzo individual en relación coa avaliación realizada.</p>	<p>Modelo de guión.</p> <p>Entrevistas cos pais e nais.</p> <p>Actuacións de reforzo educativo.</p>

Contactos individuais cos pais, cando corresponda, para solicitarlles a súa colaboración no apoio.	Compromiso de mellora por parte dos alumnos.
Actividades de organización e consolidación do grupo-clase. Actividades para fomentar a participación activa dos alumnos na vida do Centro. Organización de actividades da clase: Entroido, saídas culturais, viaxe fin de curso, ... Participación nas actividades xerais do Centro.	Asembleas. Debates por equipos. Técnicas de dinámica de grupos.
Actividades de intervención en relación coas NEAE detectadas. Propostas de reforzo educativo, ACI, etc. Seguimento do plan de traballo persoal: Os deberes como principio dun plan de traballo persoal. Mellora de hábitos de traballo : (Autonomía, orde, subliñado, esquematizado, resumos, mapas conceptuais.)	Elaboración de plans de reforzo cando sexa preciso. Seguimento do plan de traballo persoal-- Técnicas de transferencia da información O método de estudo.Os repasos. Os exames..
Desenvolvemento persoal. <u>Programa de ensino de habilidades sociais:</u> Autoestima: estratexias de mellora. Programa básico de habilidades sociais para que o alumnado utilice ou incorpore estratexias para comunicarse e afrontar adecuadamente as situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida escolar e social. <u>Desenvolvemento de temas transversais desde a acción tutorial.</u>	Programa de habilidades sociais : prevención de conflitos. Materias apropiados para o desenvolvemento dos programas.
Estratexias de acción tutorial: Dinámica de grupos.	Materiais explicativos das diferentes técnicas de dinámica de grupos.
Participación das familias	Entrevistas individuais e/ou reunións grupais
Actividades relacionadas coa avaliación. As mesmas que as indicadas no primeiro trimestre.	Pautas e modelos de observación. Instrumentos de rexistro e seguimento.

3º TRIMESTRE

Actividades relacionadas cos resultados da avaliación (Como no 2º trimestre)	Modelo de guión. Análise de causas. Adquisición de compromisos de mellora.
Actividades de organización do grupo-clase. Actividades para fomentar a participación activa dos	Potenciación do traballo en

alumnos na vida do Centro. Organización de actividades da clase: semana das letras galegas, saídas culturais, viaxe fin de curso... Participación nas actividades xerais do Centro.	equipo. Utilización de técnicas de dinámica de grupos.
Actividades de intervención en relación coas n.e. detectadas. Propostas de reforzo educativo, ACI, etc. Seguimento do plan de traballo persoal: Os deberes como principio dun plan de traballo persoal. Mellora de hábitos de traballo : (Autonomía, orde, subliñado, esquematizado, resumes, mapas conceptuais).	Seguimento do horario de traballo persoal. O método de estudo. Os repasos. Os exames.. Elaboración de programas de reforzo educativo ou ACIs, se fose necesario
Desenvolvemento persoal. <u>Programa de ensinanza de habilidades sociais:</u> Habilidades relacionada cos sentimentos, emocións e opinións. Habilidades de solución de problemas interpersoais. Habilidades para relacionarse cos adultos. <u>Desenvolvemento de temas transversais desde a acción tutorial.</u>	Materias apropiados para o desenvolvemento do programa.
Estratexias para a acción tutorial: aplicación das técnicas de dinámica de grupos (continuación dos trimestres anteriores).	Técnicas de dinámica de grupos.
Participación das familias	Entrevistas individuais ou grupais cando sexan precisas.
Actividades relacionadas coa avaliación. As mesmas que as indicadas nos trimestres anteriores.	Informe de avaliación. Individualizado. Decisións sobre promoción.

5.2.4.- ASPECTOS METODOLÓXICOS

Nesta etapa educativa a función tutorial será realizada de forma integrada no proceso de ensino-aprendizaxe e deberá perseguir dúas metas: a mellora do alumno como persoa e resolver os problemas de aprendizaxe escolar.

Aínda que as estratexias e técnicas docentes dependen estreitamente do tipo de actividades a realizar, con carácter xeral pode dicirse que a estratexia a seguir é a de actuar como “ facilitador”:

- Respecto aos pais e nais, facilitando a comunicación co centro.
- Respecto aos alumnos, facilitando os procesos de aprendizaxe previstos.
- Respecto ao equipo docente, o titor debe ser o facilitador do traballo cooperativo entre os seus compoñentes, actuando como coordinador do grupo.

Como norma xeral, o traballo de cooperación en equipos será potenciado durante toda a etapa.

ANEXO VI

HORARIOS PROFESORADO

O PRESENTE PLAN DE ACCIÓN TITORIAL FOI ELABORADO POLA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA E APROBADO CON DATA DO 9 DE OUTUBRO DE 2018

A Directora

Asdo: Patricia M^a Cons Formoso